

galicia

patrimonio oculto



XUNTA DE GALICIA

# Contidos

## 08 | Tesouros da Costa da Morte

Esta parte do litoral galego emana en cada vila que visitaremos leccións de vida, historia e tradición.

## 14 | Un anaco de historia na ría de Muros e Noia

Castros rodeados polo mar, lousas que falan, cruceiros, muíños e moita da nosa historia gravada en pedra.

## 20 | Ría de Arousa: muíños de vento, auga e mareas

Descubriremos as pegadas que deixaron as antigas civilizacións nestes maravillosos enclaves.

## 26 | De pedra en pedra polo sur de Galicia

Petróglifos, muíños e castelos en impresionantes emprazamentos naturais acompañarannos neste percorrido.

## 32 | Castros, muíños e sambenitos

Unha ruta que corre paralela ás augas do río Miño, atopándose ao seu paso diversas xoias do noso patrimonio.

## 38 | Segredos de pedra

A través deste itinerario, encontraremos unha gran cantidade de tesouros de pedra de incalculable valor etnográfico e cultural.

## 44 | Xoias do románico no Ribeiro

Grandes tesouros etnográficos nunha terra marcada pola auga dos ríos que a cruzan e as cores das súas vides.

## 50 | Percorrendo Lugo: do interior á costa

Neste percorrido, encontramos tradicións e gastronomía ligadas aos froitos destas terras e as súas augas.

## 58 | Ribeira Sacra: entre vides e mosteiros

Unha terra marcada polos grandes ríos que a moldean, así como polos numerosos mosteiros espaxados pola súa fermosa paisaxe.

## 66 | Ourense: pedras con encanto

Superviventes pétreos do paso do tempo, que manteñen intacto o seu valor como testemuños artísticos e etnográficos.



08



14



20



26



32



38



44



50



58



66

**EDITA:** Turgalicia. Estrada Santiago Noia Km. 3, 15896 Santiago  
Tel.: 902 200 432 | Fax: 981 537 588 | [cir.turgalicia@xunta.es](mailto:cir.turgalicia@xunta.es)  
**COORDINACIÓN:** [www.valorconsultores.com](http://www.valorconsultores.com)  
**DESEÑO E MAQUETA:** Versal Comunicación S.L.  
**FOTOGRAFÍA:** Arquivo Turgalicia

**IMPRIME:**  
**DEPÓSITO LEGAL:**






# GALICIA OCULTA

Galicia asóciase co verde, coa auga, un mar embravecido, o son da gaita e algúns elementos patrimoniais tan recoñecidos como a Catedral de Santiago, a Torre de Hércules ou a Muralla de Lugo. Pero hai moito máis que Galicia ofrece e está por descubrir, pois é unha terra de pequenas vilas que albergan as súas propias xoias tanto artísticas coma etnográficas: pequenas igrexas (moitas delas xoias do románico) pertencentes a antigos mosteiros na máis recóndita paisaxe rural, as súas eiras e muíños que parecen detidos no tempo, castros e petróglifos que nos levan a imaxinar a vida dos nosos máis remotos antergos, castelos e fortalezas aínda en pé que nos transportan á magnificencia doutros tempos. Coñecer o Patrimonio Oculto de Galicia é a mellor maneira de achegarse ao segredo que tan celosamente esta terra garda.

Perderse na Ribeira Sacra ou no Ribeiro e coñecer unha parte do seu patrimonio relixioso, que é inmenso, coñecer algunhas das meirandes concentracións de hórreos de Galicia, dar un salto no tempo e coñecer castros ou dolmens tan impresionantes como Santa Tegra ou Dombate... Isto é só unha pequena mostra de todo o que hai por descubrir en Galicia, por que non tratades de desvelar o seu segredo?

# Patrimonio oculto



Autoestrada / Autovía	
Rede de alta capacidade	
Outras	



# Experiencias propostas

## Tesoros da Costa da Morte

1	Área Recreativa de Verdes		Paraxe natural
2	Ecomuseo Forno do Forte		Museo
3	Castro de Borneiro		Cultura castrexa
4	Dolmen de Dombate		Dolmen
5	Torres do Allo		Castelo
6	Dolmen de Pedra Cuberta		Dolmen
7	Batáns de Mosquetín		Conxunto etnográfico
8	Castelo de Vimianzo		Castelo
9	Igrexa de Santiago de Cereixo		Igrexa
10	Hórreo de Ozón		Hórreo
11	Igrexa de San Xulián de Moraime		Igrexa
12	Santuario da Virxe da Barca		Santuario

## Un anaco de historia na ría de Muros e Noia

1	Castro de Baroña		Cultura castrexa
2	Centro de interpretación do castro de Baroña		Centro de interpretación
3	Igrexa de Santa María A Nova e laudas gremiais		Igrexa
4	Cruceiro da Fonte		Cruceiro
5	Mosteiro de San Xusto de Toxos Outos		Mosteiro
6	Mosteiro de San Vicente de Augas Santas		Mosteiro
7	Desencravo de Eiroa		Cruceiro
8	Vila de Muros		Conxunto histórico
9	Muíño de mareas de Pozo do Cachón		Muíño
10	Petróglifo de Laxe das Rodas		Petróglifo
11	Convento de San Francisco de Rial		Convento
12	Faro de Louro		Faro
13	Lagoa de Louro		Lago

## Ría de Arousa: muíños de vento, auga e mareas

1	Dolmen de Axeitos		Dolmen
2	Castros de Neixón grande e pequeno		Cultura castrexa
3	Vila de Rianxo		Vila mariñeira
4	Hórreo de Araño		Hórreo
5	Hórreos de Imo		Hórreo

6	Torres do Oeste		Castelo
7	Muíños de vento de Catoira		Muíño
8	Muíños de mareas da Seca		Muíño
9	Pazo de Fefiñáns		Conxunto histórico
10	Igrexa de Santa Mariña de Dozo		Igrexa
11	Museo etnográfico e do viño		Museo
12	Muíños do río Barosa		Muíño
13	Muíños do Serén		Muíño
14	Parque arqueolóxico de Campo Lameiro		Zona arqueolóxica

## De pedra en pedra polo sur de Galicia

1	Castelo de Sobroso		Castelo
2	Centro arqueolóxico de Tourón		Zona arqueolóxica
3	PRG- 102 Sendeiro dos muíños de Riomaior		Excursión a pé
4	Cruceiro do Hío		Cruceiro
5	Monte Facho de Donón		Vista panorámica
6	Petróglifo de Mogor		Petróglifo
7	Muíños do río Barosa		Muíño
8	Lapa de Gargantáns		Zona arqueolóxica
9	Parque arqueolóxico de Campo Lameiro		Zona arqueolóxica
10	Eira de Pedre		Hórreo

## Castros, muíños e sambenitos

1	Catedral de Tui		Catedral
2	Museo Diocesano de Tui		Museo
3	Castelo militar de Goián		Castelo
4	Muíños do Picón e do Folón		Muíño
5	Castro de Santa Tegra		Cultura castrexa
6	Mosteiro de Santa María de Oia		Mosteiro
7	Parador de Baiona		Castelo
8	Ponte <b>románica</b> da Ramallosa		Ponte
9	Castro de Troña		Cultura castrexa
10	Vila de Mondariz-Balneario		Conxunto histórico

## Segredos de pedra

1	Antigo mercado popular de Agolada		Patrimonio medieval
2	Igrexa de Santa María de Ventosa		Igrexa
3	Igrexa de San Pedro de Vilanova		Igrexa
4	Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro		Mosteiro

## Xoias do románico no Ribeiro

1	Parque etnográfico do Arenteiro		Conxunto etnográfico
2	Santuario da Virxe da Saleta		Santuario
3	Igrexa de San Xiao de Astureses		Igrexa
4	Igrexa de San Martiño de Cameixa		Igrexa
5	Igrexa de San Mamede de Moldes		Igrexa
6	Mosteiro de San Clodio de Leiro		Mosteiro
7	Igrexa de Santa María de Gomariz		Igrexa
8	Igrexa de San Miguel de Lebosende		Igrexa
9	Igrexa de Santo Tomé de Serantes		Igrexa
10	Igrexa de Santa María de Lamas		Igrexa
11	Pena Corneira		Paraxe natural
12	Igrexa de Santa María de Beade		Igrexa
13	Igrexa de San Xes de Francelos		Igrexa
14	Castro de San Cibrán de Las		Cultura castrexa
15	Mosteiro de Santa María de Melón		Mosteiro
16	Termas de Prexigueiro		Termas
17	Pazos de Arenteiro		Conxunto histórico

## Percorrendo Lugo: do interior á costa

1	Muralla de Lugo		Patrimonio da Humanidade
2	Mosteiro de Ferreira de Pallares		Mosteiro
3	Ninfeo de Santalla de Bóveda		Patrimonio romano
4	Igrexa de Bacurín		Igrexa
5	Museo-Fortaleza de Friol		Castelo
6	Pena das Rodas		Paraxe natural
7	Castro de Viladonga		Cultura castrexa
8	Mosteiro de Santa María de Meira		Mosteiro
9	Muíños de Castroverde		Muíño
10	Lagoa de Cospeito		Lago

11	Barrio dos muíños de Mondoñedo		Conxunto etnográfico
12	Mosteiro de San Salvador de Lourenzá		Mosteiro
13	Basilica de San Martiño de Mondoñedo		Basilica
14	Castro de Fazouro		Cultura castrexa
15	Praia de Arealonga		Praia

## Ribeira Sacra: entre vides e mosteiros

1	Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño		Igrexa
2	Igrexa de San Paio de Diomondi		Igrexa
3	Igrexa de San Martiño da Cova		Igrexa
4	Cabo do Mundo		Paraxe natural
5	Mosteiro de Santa María de Ferreira		Mosteiro
6	Igrexa de San Miguel de Eiré		Igrexa
7	Igrexa de Santo Estevo de Atán		Igrexa
8	Igrexa de San Vicente de Pombeiro		Igrexa
9	Igrexa de Santo Estevo de Chouzán		Igrexa
10	Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil		Mosteiro
11	Mosteiro de San Pedro de Rocas		Mosteiro
12	Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo		Mosteiro
13	Mosteiro de Santa María de Montederramo		Mosteiro
14	Canón do río Mao		Paraxe natural
15	Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil		Mosteiro

## Ourense: pedras con encanto

1	Conxunto de hórreos da Merca		Hórreo
2	Vilanova dos Infantes		Conxunto histórico
3	Capela de San Miguel de Celanova		Capela
4	Castro de Castromao		Cultura castrexa
5	Igrexa de Santa Comba de Bande		Igrexa
6	Igrexa de San Salvador de Manín		Igrexa
7	Megalitos do val do Salas		Zona arqueolóxica
8	Centro de interpretación "Aquae Querquennae Via Nova"		Patrimonio romano
9	Mosteiro de Bon Xesús de Trandeiras		Mosteiro
10	Museo de arte sacro do convento de Santa Clara de Allariz		Museo
11	Castelo de Maceda		Castelo
12	Colexiata de Xunqueira de Ambía		Colexiata










# Tesouros da Costa da Morte

## Gárdasme o segredo?



A pesar de chamarse Costa da Morte, esta parte do litoral galego emana en cada vila que visitaremos leccións de vida, historia e tradición. Agraciada no repartimento dunha natureza exuberante, a *Costa Verdescente* de Eduardo Pondal invita a renderse ante os seus encantos.





- 1 Área recreativa de Verdes
- 2 Ecomuseo Forno do Forte
- 3 Castro de Borneiro
- 4 Dolmen de Dombate
- 5 Torres do Allo
- 6 Dolmen de Pedra Cuberta
- 7 Batáns de Mosquetín
- 8 Castelo de Vimianzo
- 9 Igrexa de Santiago do Cereixo
- 10 Hórreo de Ozón
- 11 Igrexa de San Xulián de Moraime
- 12 Santuario da Virxe da Barca

Día 1

## Do Refuxio de Verdes ás Torres do Allo

A primeira incursión por terras da Costa da Morte iniciámola no verxel de Bergantiños, como é coñecido o Refuxio de Verdes, no concello de Coristanco. Se tivéssemos que buscar unha localización para situar as lendas de fadas, sería esta. A man do home, apenas perceptible, non impide que o equilibrio e a harmonía deste lugar encantado se manteñan intactos. Os muíños, as mesas, os bancos de pedra, as canles e as pontes de madeira vannos mergullando nun mundo cheo de vida onde é a natureza a que impón a súa vontade. Incluso as árbores voluptuosas invaden todo libremente coas súas pólas cubertas por enredadeiras e as rochas, salpicadas ao longo do río Anllóns, complican o continuo discorrer da auga, creando rápidos, fervenzas e regatos ao seu antollo.

### O verde e a pedra da Costa da Morte

Pero este antigo couto de pesca agocha algúns segredos que só poderedes descubrir percorrendo

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Coristanco.

**Punto final:** Muxía.

**Xornadas:** 2

**Distancia (aprox.):** 105 Km.

**Outros datos de interese:**

- ▶ Ecomuseo Forno do Forte: 981 711 520  
Maís información en: [www.concellomalpica.com/fornodoforte](http://www.concellomalpica.com/fornodoforte)
- ▶ Centro de interpretación do Dolmen de Dombate. Teléfono de atención a visitantes: 669 611 993.
- ▶ Torres do Allo: 981 706 028.
- ▶ Batáns de Mosquetín: 981 706 028.

os sendeiros cubertos por un manto de follas. O Refuxio de Verdes é, sen dúbida ningunha, un gran lugar de espaxamento que nos permite desconectar e pasar unha divertida xornada de baño, sempre que teñamos coidado cunha forte corrente do río na zona do Pozo do Inferno.

E deixamos este pequeno anaco de paraíso para dirixirnos cara a Malpica de Bergantiños, en concreto ao Ecomuseo Forno do Forte, en Buño. Este conxunto etnográfico é o encargado de amosar como era a vida dos xornaleiros que compaxinaban o seu día a día no campo coa produción de pezas de barro. Segundo os filólogos, o topónimo desta vila provén da palabra latina “buda”, unha especie de xunco de nacemento espontáneo en terras arxilosas como as que aquí atopamos. Esta abundancia de arxila foi esencial para o desenvolvemento da súa industria máis característica, a cerámica, que converteu a Buño nunha vila internacionalmente coñecida. Durante a Mostra de Olaría, celebrada a mediados de agosto, teredes a ocasión de ver en activo o antigo forno mancomunado.

### Co son do río ata o castro de Borneiro

Seguindo o curso do río Anllóns, chegamos a Cabana de Bergantiños; aquí poderedes facer unha pequena ruta de pouca dificultade e perfectamente indicada polo Rego dos Muíños, ou do Roncaduiro. Foi precisamente o roncar da auga, que descende de ferverza en ferverza, a que puxo en marcha os 24 muíños que aquí se conservan e bautizou este regato. Con este son xordo nos oídos chegamos por fin ao castro de Borneiro, coñecido como *A Cibdá*, que estivo habitado entre os séculos VI a.C. e o I d.C. A maior parte dos restos atopados poderédelos visitar no Castelo de San Antón da Coruña.

O castro de Borneiro está rodeado por un foxo e dous muros defensivos ao longo do seu perímetro, excepto polo leste, no que a propia pendente actúa como defensa natural. Dende aquí, poderedes controlar, o mesmo ca os castrexos, todo o territorio que vos rodea.

*Pensa miña nai que estou  
pescando na carballeira,  
estou no San Fins do Castro  
bailando unha muiñeira.  
A miña nai porque puido  
fixo unha casa na illa,  
para ver ós de Neaño  
como pescan a sardiña.  
O cura de Corme é xastre  
malpicano e mariñeiro.  
O de Pazos labrador  
e o de Cesullas gaiteiro.*

*Foliada cantada en Cabana de Bergantiños*



Ecomuseo do Forno do Forte





Sen saír de Cabana de Bergantiños deixamos *A Cibdá* para visitar a “catedral do megalítico galego”, o dolmen de Dombate e o seu centro de interpretación. Este monumento funerario, de ao redor de 6.000 anos de antigüidade, está constituído por unha masa de terra que se cobre parcialmente por unha coiraza pétreo, presentando pedras planas horizontais no exterior mentres que no interior se constrúe con pedras ben trabadas.

### Coñecendo a fondo a Costa da Morte

Tras esta inmersión na cultura megalítica, dirixímonos agora a Zas para visitar as Torres do Allo. A sombra do estreito camiño rodeado de carballos centenarios parece un túnel do tempo que nos traslada ao pé do pazo, un dos máis antigos de Galicia. Esta construción, un dos mellores exemplos da arquitectura civil galega, acolle agora o Centro de Interpretación dos Recursos Turísticos e Patrimoniais do Territorio de Costa da Morte. De marcado estilo renacentista, os motivos de maior interese arquitectónico atopádelos na parte alta das torres, ao redor das súas fiestras, que se adornan con elementos do gótico final.

No mes de agosto o concello de Zas convértese na capital do folk coa celebración dun veterano festival celebrado na carballeira que lle dá nome a esta festa.

Para finalizar o día, nada mellor que unha boa caldeirada de raía, congro ou abadexo, un prato que non debe deixar de probarse en calquera das vilas da Costa da Morte.

## Día 2

### Do dolmen de Pedra Cuberta ao santuario de Nosa Señora da Barca

E de Zas imos cara a Vimianzo para descubrir outra marabilla do megalítico, o dolmen de Pedra Cuberta. Esta é a única anta en Galicia que presenta restos pictóricos, descubertos polos arqueólogos alemáns Georg e Vera Leisner nos anos 30 do século XX dándolle fama internacional. Ten pinturas en negro e vermello sobre fondo branco con motivos ondulados, serpentiformes, unha figura dun ídolo e un zócolo decorado. Estas representacións están cualificadas entre as máis importantes da arte megalítica europea. Pedra Cuberta ten grandes proporcións cun corredor de entrada de máis de seis metros de longo e cunha altura de case dous.

### O patrimonio que nos conta a historia dos nosos antergos

En Vimianzo, tamén poderedes visitar os batáns de Mosquetín. Este é un museo etnográfico composto por dous edificios onde se esconden as curiosas estruturas de tres batáns, uns aparellos utilizados para mazar e tupir a la, e sete muíños. Aproveitade para coñecer este recuncho vivo do río Grande. Recreádevos no son da auga correndo polas canles e pisade as numerosas rochas, lavadas e puídas pola corrente. As árbores daránvos sombra





mentres case podedes escoitar o resón xordo e rítmico dos mazos de madeira que chegaron a desenvolver unha importante industria téxtil nesta comarca. O veciño Castelo de Vimianzo acolle cada Semana Santa e cada verán unha Mostra de Artesanía en Vivo que recorda esta noutrora fonte de riqueza.

Desde Vimianzo seguimos dirección a Camariñas para, en Ponte do Porto, coller a estrada que leva a Muxía. No camiño atoparémonos coa igrexa de Santiago de Cereixo. Este pequeno templo do século XII é un dos exemplos máis emblemáticos do románico rural na Costa da Morte. Foi parada de peregrinos que chegaban por mar ata Ponte do Porto e logo se dirixían a pé a Muxía e Santiago de Compostela. Observade con atención os seus dous fermosos pórticos. Nun deles, atopades o tímpano coa primeira representación románica da *traslatio* do corpo do Apóstolo Santiago nunha barca de pedra. E é que esta igrexa ten un marcado ton xacobeo. Hai quen di que aquí comezaba tamén un camiño cara a Santiago de Compostela da xente que desembarcaba no porto de Cereixo.

### Paseando por Muxía, terra de monxes

Poñemos rumbo agora cara á costa para visitar o hórreo de Ozón, no concello de Muxía. Contade vós mesmos os 21 pares de pés desta cabaceira xigante construída en granito no século XVIII, antes de dirixirnos á igrexa de San Xíán de Moraime. Unha vez alí, recibiravos un recinto sagrado no que atoparedes trazas dun pasado brillante e esplendoroso. Levantado no medievo, o templo do século XII estaba integrado no único mosteiro histórico da Costa da Morte, xa exclaustro dende antigo. Fermoso é o seu pórtico con trazos da catedral compostelá. Moraime estivo vinculado ao priorado de San Martiño Pinarío de Santiago, o que dá conta da súa importancia. Na penumbra interior, que invita á meditación, atoparedes pinturas que representan os sete pecados capitais e a morte. E, se dades unha volta polo camposanto, poderedes descubrir as escavacións dunha necrópole romano-cristiá.





### Un final máxico mirando cara o mar

O mar de Muxía está moi preto de aquí. Xa na vila, un final máxico para este segundo día sería visitar un dos santuarios marianos máis emblemáticos de toda a Costa da Morte e de Galicia, o santuario **da** Nosa Señora da Barca. Este sobrio templo mandado construír por iniciativa dos Condes de Monforte recorda o lugar ao que a Virxe chegou nunha barca de pedra para animar o apóstolo Santiago a continuar coa súa predicación. Neste grande adro de pedra natural que mira ao mar, poderedes tocar

e acariñar os vestixios sagrados desta aparición: a Pedra dos Cadrís (que se identifica coa barca), a Pedra de Abalar (que simboliza a vela) e a Pedra do Timón. Todas elas pedras máxicas da milenaria embarcación ás que se lles atribúen propiedades curativas e adiviñatorias que só se saberán certas de seguir os rituais...

Non deixedes a Costa da Morte sen probar algunha delicia dos seus mares nalgún restaurante da zona: percebes do Roncudo ou navallas á prancha son só un delicioso aperitivo do moito que neles se ofrece.

*Aínda recordo, aínda, cando eu era estudante,  
garrido rapacete, que ben rexerse sabe;  
cando iba pra Nemiña a estudar o arte  
do erudito Nebrija e do boo Villafañe;  
e iba a cabalo, ledo, cal soen os rapaces.  
Pasado Vilaseco, lugar batido polo aire  
no alto da costa de Uces de montesía canle;  
pasado Vilaseco, indo pola gandra adiante,  
xa vía desde lonxe o dolmen de Dombate.*

Eduardo Pondal "Queixumes do Pinos"



Hórreo de Ozón



# Un anaco de historia na ría de Muros e Noia

## Gárdasme o segredo?



O patrimonio oculto das terras que bordean a ría de Muros e Noia vains proporcionar un gran fato de sorpresas: castros rodeados polo mar, lousas que falan, cruceiros, muíños e moita da nosa historia gravada en pedra.



- 1 Castro de Baroña
- 2 Centro de interpretación do Castro de Baroña
- 3 Igrexa de Santa María A Nova e laudas gremiais
- 4 Cruceiro da Fonte
- 5 Mosteiro de San Xusto de Toxos Outos
- 6 Mosteiro de San Vicente de Augas Santas
- 7 Desencravo de Eiroa
- 8 Vila de Muros
- 9 Muíño de mareas de Pozo de Cachón
- 10 Pretróglifo de Laxe das Rodas
- 11 Convento de San Francisco de Rial
- 12 Faro de Louro
- 13 Lagoa de Louro

Día 1

## Do castro de Baroña ao Desencravo de Eiroa

Comezamos a nosa aventura por terras de Porto do Son, no asentamento do castro de Baroña. O acceso ata o castro faise a pé por un camiño de terra custodiado por un gran piñeiral e unha fermosa praia. Protexido por rochas, o mar e dúas murallas de cachotería ao seu redor, o castro conseguiu conservar en perfecto estado as 20 vivendas de planta circular ou oval do seu interior entre as que aínda podemos pasear. Por un intre, mirade como as ondas baten con forza contra as rochas e sentide o vento atlántico sobre a vosa pel... Esta é, sen dúbida ningunha, unha perfecta panorámica castrexa!

### Un alto para tomar o aperitivo no porto de Porto do Son

Xa no centro da vila, visitade o Centro de interpretación do castro de Baroña, onde poderedes coñecer mellor a vida e a cultura dos castrexos grazas aos paneis, pezas orixinais, reproducións e visitas guiadas. O centro está situado no edificio

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Porto do Son.

**Punto final:** Muros.

**Xornadas:** 2

**Distancia (aprox.):** 70 Km.

**Outros datos de interese:**

- ▶ Centro de interpretación do Castro de Baroña: aberto de martes a domingo, de 10:30 a 14:00 horas. Máis info en [www.portodoson.org](http://www.portodoson.org).
- ▶ Muíño de mareas de Pozo do Cachón: 981 826 050.

que albergaba a antiga Casa do Concello. Xa que estades en Porto do Son, paga a pena dar un pequeno paseo polo porto e tomar un delicioso aperitivo nalgunha das súas terrazas. Continuando pola liña da costa chegamos á Pequena Compostela, como é coñecida a vila de Noia, para escoitar de preto as lápidas que falan. Para esta revelación é preciso acceder á igrexa de Santa María A Nova, edificada sobre unha Quintana de Mortos. Este cemiterio, onde se conserva unha






*Só digo que ningún mosteiro  
hai en Galicia por grande e  
groso que sexa, cuxa facenda  
sexa maior ou máis cualificada  
que a de San Xusto.*

Antonio Yepes,  
*Crónica Xeral da Orde de San Bieito*

gran colección de laudas sepulcrais, foi feito con terra traída dende Terra Santa en galeóns noieses, segundo conta unha das numerosas lendas da zona.

Xa no interior desta igrexa gótica, paseade gozando co xogo de luces proporcionado polo seu impresionante rosetón. Sentade a contemplar con calma a capela plateresca e o altar de estilo barroco. Mais o que sen dúbida vos chamará a atención deste templo convertido en museo é o enorme depósito de laudas gremiais que flanquean os seus muros. Entre as máis de duascentas lápidas, podedes ver gravados o pico e a maza dun canteiro, as tesoiras dun xastre, o coitelo dun carniceiro, pasando pola áncora característica dos mariñeiros ou as figuras antropoides dos fidalgos. As máis antigas son as que representan oficios medievais.

Non podedes deixar Noia sen visitar o seu casco histórico, con encantadoras praciñas e soportais dignos de calquera vila medieval. Precisamente, cada ano no mes de xullo, esta zona engalánase con estandartes de época para celebrar a coñecida Feira Medieval.



Igrexa de Santa María A Nova



Mosteiro de San Xusto de Toxos Outos





Deixamos estes monumentos de pedra para dirixir os nosos pasos ao concello de Lousame, onde descubriremos o cruceiro do Desencravo de Berrimes, obra do Santeiro de Chave. En realidade, todo o concello é moi rico nestes elementos arquitectónicos que salpican montes, encrucilladas, fontes, adros ou mesmo pontes.

### Unha agradable camiñada seguindo o río San Xusto

Tamén en Lousame, visitaremos o mosteiro de San Xusto de Toxos Outos, ao que podemos chegar facendo unha ruta de sendeirismo seguindo o curso do río San Xusto. Unha camiñada moi agradable nun contorno verde, cheo de fervezas, pontes medievais e ruínas de antigas fábricas. Ao chegar á contorna do mosteiro, paseade entre os restos do recinto que aínda se conservan como os muíños, a horta ou o pombal. A paz e o silencio ao que induce este lugar só se rompe co discorrer da auga sobre as rochas. No próximo concello de Rois, atopamos outra pequena xoia, a igrexa barroca de

San Vicente de Augas Santas que acolle retablos de 1738.

Como remate para esta primeira xornada, poñemos rumbo a Muros. Aproveitade que vos cadra de camiño para facer unha derradeira parada ante o cruceiro do Desencravo de Eiroa, unha obra de 1879 labrada nun único bloque granítico.

Día 2

### Da vila de Muros ao monte Louro

Sen dicir unha verba, a mariñeira vila de Muros vains dar conta do seu pasado señorial simplemente deixándonos pasear polas rúas do casco histórico, que teñen nomes tan curiosos como “Saúde”, “Esperanza”, “Paciencia”... Invitámosvos a dar un paseo e a ir descubrindo, devagar, os seus tan suxestivos nomes que, de seguro, non vos han deixar indiferentes. Un bo punto no que inicialo é na tranquila praza do Concello tamén denominada Curro da Praza, por se teren celebrado aquí corridas







de touros. Notaredes que as rúas e as prazas deste percorrido están salpicadas polos restos da antiga muralla, así como polas vivendas mariñeiras. Estas típicas casas tiñan un ou dous pisos con balcóns, e un baixo con soportais que en ocasións quedan por debaixo do nivel das rúas. Hai anos, era frecuente ver nestes locais como os homes arraxaban os aparellos de pesca mentres que as mulleres salgaban e lavaban o peixe.

### **Percorrendo a costa do mar de Muros**

Aproveitade para coller forzas e gozar da gastronomía local facendo unha parada en calquera dos bodegóns ou tabernas da vila, nas que poderedes degustar deliciosas tapas de polbo ou caldeiradas de peixe fresco mentres mirades cara ao peirao, onde os barcos e as lanchas dos pescadores son mexidas polas ondas do mar ao abeiro dos montes Costiña e Rebordiño.

A nosa seguinte visita lévanos ata o centro de interpretación situado no muíño de mareas de Pozo do Cachón, un mecanismo accionado pola forza das mareas que data do primeiro cuarto do século XIX. É un dos máis grandes de España desta tipoloxía, pero o seu valor non reside no seu tamaño, senón en ser testemuña etnográfica e cultural. A comezos do século pasado, a xente acudía a este lugar aos chamados Baños de Santa Rita, un establecemento especializado na curación de enfermidades con base en baños de algas e augas mariñas.

Seguindo a ruta pola costa e deixando atrás o centro da vila, entramos na parroquia de Louro, coñecida pola súa tradición turística, as súas praias e polo impresionante monte Louro. Pero polo momento imos trala pegada prehistórica da vila. O noso destino é o petróglifo de Laxe das Rodas. Descuberto en 1956 podería ser, segundo expertos no culto ao sol, un calendario. Consta dun grupo de dez figuras que representan dous símbolos espirais, sete circulares e un cabalo solar.

Aproveitando o noso paso por Louro, debemos facer outra parada no convento de San Francisco do Rial que nos agarda sobre un fermoso val ao



pé do monte Oroso. O camiño ata el vén marcado por un orixinalísimo viacrucis construído grazas ás doazóns dos fieis. Este camiño de sacrificio está composto por quince estacións nas que se relatan escenas da Paixón de Cristo.

No exterior do convento, non perdades de vista o curioso reloxo de sol. Se as “agullas” marcan hora para o baño, baixade ata a praia de San Francisco para refrescarvos nas súas augas cristalinas. Sentide primeiro a calor da area nos pés nus e, deseguido, a frescura desta auga salgada mentres vos relaxades e mergullades en pensamentos e sensacións.

## Un solpor perfecto dende o faro de Louro

E se, despois deste momento de relaxación, aínda vos quedan folgos e ganas de rematar a xornada con enerxía, animádevos a continuar o paseo duns catro quilómetros entre o lusco e fusco ata o faro de Louro. Está situado en punta Queixal, xusto ao pé dos 241 metros do monte Louro. Inaugurado en 1862, a súa lanterna ilumina a embocadura da ría de Muros e Noia. Desde esta posición privilexiada, foi referencia de navegantes e testemuña de moitos naufraxios. O máis coñecido, o do cruceiro Cardenal Cisneros da Armada Española en 1905. Poderedes subir ata o cumio e culminar as experiencias vividas cunha increíble panorámica deste tramo de costa. Sentade e ide recuperádevos da dura pendente mirando ao voso redor. Dun lado, a praia de San Francisco que acabades de deixar atrás; de fronte, a ría; e do outro lado, o solitario areal e a lagoa de Xarfas, declarada espazo de interese natural.

Situados a esta altura teredes unha mellor perspectiva para recordar as experiencias vividas nestes dous días nos que, de sur a norte, trazaredes cos vosos pasos o contorno da ría de Muros e Noia.



Convento de San Francisco de Rial

*Tiven medo de bogar,  
tiven medo de auga crara.  
Anque fora cuns bos remos  
anque fora na mar calma,  
¡non bogaba!, ¡non bogaba!  
O medo xa non sei del.  
Xa secou aquel mar longo.  
E sin saber donde veu,  
si é doutro ou é meu,  
navego nun mar de fondo.*

María Mariño



Monte Louro



# Ría de Arousa: muíños de vento, auga e mareas

## Gárdasme o segredo?



Nada resulta máis oculto que aqueles tempos que non vivimos. A través deste percorrido polas entrañas dos tesouros de Arousa, coñeceremos de preto o *modus vivendi* de antigas civilizacións que deixaron as súas pegadas nos mellores enclaves da nosa terra.





- 1 Dolmen de Axeitos
- 2 Castros de Neixón grande e pequeno
- 3 Vila de Rianxo
- 4 Hórreo de Araño
- 5 Hórreos de Imo
- 6 Torres de Oeste
- 7 Muíños de vento de Catoira
- 8 Muíños de mareas da Seca
- 9 Pazo de Fefiñáns
- 10 Igrexa de Santa Mariña de Dozo
- 11 Museo etnográfico do viño
- 12 Muíños do río Barosa
- 13 Muíños do Serén
- 14 Parque arqueolóxico de Campo Lameiro

Día 1

## Do dolmen de Axeitos aos muíños de Catoira

Partindo da vila de Ribeira, a nosa incursión pola arquitectura neolítica comeza visitando o dolmen de Axeitos, tamén coñecido como a Pedra do Mouro. Camiñando por unha corredeira entre árbores e silencio, atopamos esta sepultura comunal prehistórica. O seu aspecto é rexio a pesar de estar datado entre o ano 4.000 e o 3.600 a.C. e ser un dos monumentos funerarios megalíticos máis antigos de Galicia. Contan os vellos que entre este dolmen e a peneda natural coñecida como a Pía do Frade hai unha trabe de ouro, unha construción mítica na que as lendas localizan valiosos tesouros.

### O rico patrimonio arqueolóxico da serra do Barbanza

Dando un pequeno salto na historia da nosa evolución, diriximos os nosos pasos cara aos castros de Neixón grande e pequeno, no concello

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Ribeira.

**Punto final:** Campo Lameiro.

**Xornadas:** 2

**Distancia (aprox.):** 126 Km.

### Outros datos de interese:

- ▮ Centro arqueolóxico do Barbanza: aberto de xoves a domingo. Contacto: 981 843 810. [www.centroarqueologicodobarbanza.org](http://www.centroarqueologicodobarbanza.org).
- ▮ Muíño de mareas da Seca: aberto de martes a domingo, de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 19:30 horas. Máis info en [www.cambados.es](http://www.cambados.es).
- ▮ Museo etnográfico e do viño: aberto de martes a domingo, de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 19:30 horas. Máis info en [www.cambados.es](http://www.cambados.es).
- ▮ Parque arqueolóxico de Campo Lameiro: teléfono de información e reservas 981 69 60 66 ou a través de [reservas@paar.es](mailto:reservas@paar.es). Máis info en [www.paar.es](http://www.paar.es).

de Boiro. Descendendo cara á ría, percorreremos unha senda que vai directamente á península de Neixón, nunha das paisaxes máis fermosas de Arousa. Na punta rochosa desta península, defendidos por penedos e fortes ribadadas, medraron entre os séculos VIII e VII a.C. os castros de Neixón. Camiñade sobre este anaco da historia e empregade o tempo que vos faga falta para apreciar a grandeza do enclave. Case parece que aínda podemos escoitar os berros dos nosos devanceiros avisando das invasións romanas. A carón dos castros, nun enclave rodeado de natureza, atopamos o centro arqueolóxico do Barbanza onde poderemos descubrir moita información sobre o patrimonio arqueolóxico da comarca que visitamos.

### Unha parada no camiño para coñecer Rianxo

É tempo agora para coñecer a vila de Rianxo. Faremos un pequeno desvío na nosa ruta para achegarnos ata alí e dar unha volta polo paseo da ribeira e polo seu porto, con vistas á gran serra do Barbanza. Aproveitade este alto no camiño para degustar unhas deliciosas xoubiñas de Rianxo, ou uns bos mexillóns da ría de Arousa, mentres colledes forzas para continuar a vosa viaxe.


Seguindo no municipio de Rianxo, concretamente na aldea de Araño, a nosa curiosidade polas agochadas xoias arquitectónicas verase satisfeita cunha construción máis recente que as visitadas ata o de agora. Trátase do hórreo de Araño, un dos máis grandes de Galicia, que forma parte dun bonito conxunto arquitectónico composto pola igrexa de Santa Baia e a capela dedicada á Nosa Señora dos Milagres.

Nesta ocasión, non poderedes contar os pés do hórreo porque ten a base pechada por un muro. A alternativa é percorrer os seus preto de 37 metros de lonxitude e imaxinar todo o que nel se podía gardar no século XVII, que foi cando se construíu. Moitos apuntan que era unha mostra do verdadeiro poder da Igrexa dese século, dado que aquí se almacenaba a colleita dos habitantes que tiñan que darlle unha parte ao clero.

Continuando pola senda dos nosos devanceiros, a seguinte parada será nos hórreos de Imo, no concello de Dodro. As cabaceiras da pintoresca aldea de Imo están situadas na parte máis alta da poboación. Este lugar era antigamente unha eira comunal. Conforme vos acheguedes, entre as casiñas pequenas separadas por estreitas rúas, iredes vendo o conxunto de hórreos de pedra e paredes de madeira.

### Catoira e os viquingos

Do outro lado do río Ulla, agárdanos o concello de Catoira. De camiño, atoparemos a coñecida ponte



Hórreo de Araño

*Contan os vellos que entre o Dolmen de Axeitos e a peneda natural, coñecida como a Pía do Frade, hai unha trabe de ouro, unha construción mítica na que as lendas sitúan valiosos tesouros.*





sobre o río coas Torres do Oeste, onde o primeiro domingo de agosto ten lugar a **Romaría Viquinga**, que lle dá sona internacional a esta vila. Milleiros de persoas amoréanse cada ano neste enclave para presenciar o desembarco. A bordo dunha *draka*, e ataviados con cascos e cornos, os *novos viquingos* simulan o ataque dos pobos nórdicos hai máis dun milenio.

Pero Catoira é tamén coñecida polos seus muíños de vento de Abalo, únicos en Europa polo seu dobre sistema de aspas. Aos muíños chegaredes tras unha pequena camiñada costa arriba entre pequenos arbustos. Dende o cumio, sentiredes a mesma brisa que move as aspas ao tempo que observades unha das mellores panorámicas da ría. Sentade a carón dos grosos muros de pedra, que estarán dispostos a compartir convosco a calor acumulada durante o día, e contemplade o solpor como broche final desta primeira xornada.

Día 2

## De Cambados a Campo Lameiro

A nosa viaxe continúa ata o concello de Cambados, onde se celebra a festa vinícola máis antiga de Galicia. A festa do viño comezou no ano 1953 coa reunión de varios amigos para escoller cal dos

seus albariños era o mellor. Antes de descubrir os misterios do deus Baco, visitaremos o museo do muíño de mareas da Seca en plena ría de Arousa, entre as puntas de Tragove e Fefiñáns. O sistema deste muíño é moi distinto ao visto ata o de agora, dado que aproveitaba o movemento das mareas para a moenda. Durante as tres horas que duraba a baixamar, móíanse ata 200 quilogramos de fariña en dúas quendas, de día e de noite. Contan que este muíño foi construído no século XVII por orde do señor do pazo de Fefiñáns, ao que pertenceu ata o século XIX e ao que viñan moer os cereais os labregos dunha gran parte do Salnés. A actividade do muíño comezou en 1622 e non parou ata os anos 70 do século pasado, cando se xubilou o último muíñeiro.

### Camiñando sobre a ría de Arousa

Teredes a oportunidade de percorrer as instalacións deste museo que aínda conserva a maquinaria que posibilitaba a moenda. Despois de visitar o museo, poderedes “camiñar” sobre a ría. Mellor dito, sobre a pasarela de 50 metros da presa á que lle chaman a Seca. Isto é porque na baixamar a zona interior queda seca volvéndose encher coa preamar. Sen saír de Cambados, imos agora cara á parte alta da vila. A carón do miradoiro da Pastora, visitaremos



Muíño de mareas da Seca





a igrexa de Santa Mariña de Dozo, ou máis ben o que queda deste fermoso templo gótico de finais do século XV, mandado construír sobre unha ermida románica. Trátase dun edificio dunha única nave dividida por varios arcos transversais e con capelas laterais. Na actualidade, o recinto e o seu contorno é un fermosísimo camposanto onde se manteñen as arcadas do teito desta igrexa, nus arcobotantes que lle dan a este lugar un halo de misterio e teatralidade.

Moi preto da igrexa de Santa Mariña, atopamos o museo etnográfico e do viño de Cambados, composto por unha antiga casa reitoral e un edificio de nova construción unidos por unha pasarela. Internádevos no museo preparados para facer un percorrido pola historia, pola xeografía, pola cultura popular, así como por todos os aspectos vitivinícolas da Denominación de Orixe Rías Baixas. Non esquezades que a mellor homenaxe que lles podedes facer a estas terras é gozar cos seus magníficos viños, acompañados dalgunha delicia da nosa gastronomía, como unha boa empanada, unhas zamburiñas á prancha ou uns deliciosos pementos de Padrón.

### **Os muíños do Serén a través da Ruta da Auga**

Mergullámonos de cheo na natureza no concello de Meis onde se atopan os reconstruídos muíños do Serén. Situados nun contorno privilexiado, o mellor modo de coñecelos é completando a coñecida Ruta da Auga. Acompañade o curso do río seguindo os fermosos sendeiros acondicionados.

Xusto no medio da ruta, collede folgos no conxunto escultórico que reconstrúe a Aldea labrega. A xeito de resumo de toda a viaxe, aparece ante vós unha selección dos símbolos arquitectónicos galegos: o hórreo, o lavadoiro, os muíños, o forno, o pozo, os cruceiros e mesmo unha pequena capela.

Non vos fatiguedes coa camiñada, un pouco máis intensa debido á pendente; alcanzaredes o cumio no que gozaredes dunhas vistas increíbles. Xa de volta, sentádevos relaxadamente nalgún dos bares





habilitados ao longo da ruta nos que poderedes degustar unha deliciosa empanada de millo.

### Río Barosa: a forza da auga

No veciño concello de Barro, atoparedes outra xoia imprescindible: trátase das fervezas do río Barosa. Queda moito por ver, así que centraremos a nosa incursión nos muíños e na súa espectacular ferverza. Poñemos os nosos pés de novo en marcha pola beira do río, entre unha frondosa paisaxe fluvial sobre a que escorre a luz do final do día. Nesta ocasión é a ferverza a encargada de darnos a benvinda xunto cos primeiro muíños. No primeiro tramo impresiona a forza da auga e a medida que ascendades, as vistas daránvos ánimo para continuar. Sentade nalgún dos bancos de madeira, estratexicamente situados para recuperar folgos,

mentres o son da auga murmurando ás vosas costas se mestura co arrecendo a terra mollada. Trala incursión na natureza, cambiamos de escenario para visitar outro parque, pero esta vez menos frondoso, o parque arqueolóxico de Campo Lameiro. Este conxunto ao aire libre de arte rupestre recolle cerca de cen pedras e rochas con petróglifos de gran valor arqueolóxico e histórico. Nestes montes de Campo Lameiro sitúase unha das concentracións máis importantes en calidade e cantidade de gravados rupestres. A área arqueolóxica pola que poderemos pasear e observar un conxunto excepcional de estacións rupestres ten unha paisaxe moi semellante á do seu contexto orixinal e conta cunha recreación dun pequeno poboado no que se evocan aspectos da vida cotiá dos nosos antepasados da Idade do Bronce, ademais dun centro de interpretación.





# De pedra en pedra polo sur de Galicia

## Gárdasme o segredo?

Monte Facho de Donón



A continuación, **vos presentamos** un percorrido polo sur de Galicia a través de petróglifos, muíños e castelos en impresionantes enclaves naturais. Sen dúbida, non vos deixará indiferentes.





- 1 Castelo de Sobroso
- 2 Centro arqueolóxico de Tourón
- 3 PRG-102 Sendeiro dos muíños de Riomaioir
- 4 Cruceiro do Hío
- 5 Monte Facho de Donón
- 6 Petróglifo de Mogor
- 7 Muíños do río Barosa
- 8 Lapa de Gargantáns
- 9 Parque arqueolóxico de Campo Lameiro
- 10 Eira de Pedre

Día 1

## Desde o castelo de Sobroso ata a praia de Mogor

As trinta hectáreas que ocupa o bosque de Sobroso van ser a primeira e ampla vista que nos ofrezca esta ruta, para despois centrar a visión no castelo de Sobroso que, o mesmo que a fraga, recibe o seu nome dunha árbore que medra neste lugar, a sobreira. A orixe desta fortaleza remóntase ao século IX, cando Bermudo II se refuxiou nela durante a batalla de Portela Arenaria, hoxe Vilasobroso, a vila que se ve de fronte. Desde aquela, Sobroso foi testemuña muda das vicisitudes de múltiples personaxes históricos de Galicia, sobre todo polo seu papel de bastión militar, que acabou perdendo.

### Testemuñas das Revoltas Irmandiñas

Polos seus corredores andaron os Condes de Galicia en 1095, dona Urraca e don Raimundo de Borgoña; os “irmandiños” durante as revoltas que destruíron o castelo na segunda metade do século XV; ou Pedro Álvarez de Soutomaior, “Pedro Madruga”, quen o reconstruíu despois...

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Mondariz.

**Punto final:** Cerdedo.

**Xornadas:** 2

**Distancia (aprox.):** 140 Km.

**Outros datos de interese:**

- › Museo do Castelo de Sobroso (horario de visitas): de martes a venres de 10:00 a 13:00 horas. Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- › Centro arqueolóxico de Tourón: aberto unicamente para visitas concertadas. Pódese reservar por teléfono (986 767 235), correo electrónico ([centroarqueoloxicotouron@pontecaldelas.org](mailto:centroarqueoloxicotouron@pontecaldelas.org)) ou a través da Oficina de Turismo de Ponte Caldelas.

Actualmente, este baluarte defensivo é sede do Museo do Traxe Galego e museo etnográfico. Paseade polos corredores e salas para ver, nunha exposición permanente, como era a vida dos


nosos antepasados e entender mellor a nosa cultura. Veredes a cociña, cos seus utensilios e a lareira, as estancias nobres, os dormitorios coas súas colchas de liño, antigo traballo artesanal ao que se lle dedica parte da exposición, igual có de cesteiros, zoqueiros, telleiros, carpinteiros...

No percorrido polo contorno, descubriredes que a fortaleza está composta por tres estruturas de diferentes alturas, sobrepostas unhas ás outras que lle dan un aire imponente. Xa no camiño de volta, se queredes facer un descanso, aproveitade para explorar o arborado do bosque no que conviven preto de 40 especies diferentes, sobre todo carballos e outras asociadas a climas mediterráneos coma a sobreira, o érbedo e as lauráceas. Tamén hai zonas recreativas e fauna en semiliberdade.

### Un salto atrás na historia

Dirixímonos agora ao corazón do concello de Ponte Caldelas para ir un pouco máis atrás na liña da Historia. Na Área Arqueolóxica de Tourón atoparedes un dos complexos de arte rupestre ao aire libre máis singulares de Galicia. Guiádevos polos sinais distribuídos para visitar as cinco estacións onde ver os petróglifos e os gravados sobre a rocha, que datan do Neolítico final - Idade de Bronce. Despois, achegádevos ao centro arqueolóxico para ver como se interpretou a paisaxe da época.

Da arte castrexa daremos agora un salto á arte tradicional da nosa terra representada nos muíños de auga. No rego do Portiño, afluente do río Maior ao seu paso polo municipio de Vilaboa, atoparedes os muíños de Riomaior. Un pequeno **e non moi longo** sendeiro levaravos dun a outro. Son 34 e case todos rehabilitados, acompañados da máxica corrente de auga e de pequenas fervezas, ata



*O castelo de Sobroso é sede do Museo do Traxe Galego e museo etnográfico. Alí poderedes ver como era a vida dos nosos antepasados e entender mellor a nosa cultura.*

Castelo de Sobroso





chegar ao último, chamado muíño de Miguel Lois. De volta, subide polas mesmas pasarelas, pontes e escaleiras de madeira mentres a sombra e a frescura da vexetación vos alivia os pasos.

Podedes aproveitar a visita para xantar nalgún dos establecementos do porto de Vilaboa, con vistas á ría de Vigo: o peixe fresco e os mariscos son os protagonistas indiscutibles dos seus máis saborosos pratos.

### Un dos máis importantes desencravos

Achegámonos á península do Morrazo, onde visitaremos o cruceiro do Hío, no municipio de Cangas. Pero antes, aproveitade o camiño para subir ao cumio do monte Facho, onde vos atoparedes de novo coa arte rupestre nun antigo castro galaico, con restos do século X a.C. E incluso vos poderedes deleitar uns instantes coas nítidas vistas da costa que acabades de deixar atrás. Cara ao horizonte descubriredes o perfil das illas Cíes, protexendo a ría, e o cabo Home, a punta do continente da que están máis preto.

Do conxunto monumental do Hío tamén forma parte a igrexa do mesmo nome, na que identificaredes varios estilos arquitectónicos e formas, como as bóvedas, que recordan ao mosteiro de San Martiño Pinario, en Santiago de Compostela. Pero, sen dúbida, a peza máis importante do conxunto é o orixinal cruceiro barroco de finais do século XIX, considerado un dos máis importantes de Galicia. Fronte a el, cada 16 de agosto tras finalizar a misa, interprétase a tradicional “Danza de San Roque” ou “dos Peregrinos”, do s. XIV e declarada de Interese Turístico Galego.

O noso camiño levaranos agora cara á costa da ría de Pontevedra, en concreto ao municipio de Marín, para atoparnos cos petróglifos do Labirinto de

Cruceiro do Hío





Mogor, moi preto da praia do mesmo nome. Aínda se conservan algúns exemplares con forma de conxuntos de círculos concéntricos asociados entre si, coma un labirinto. Hai varias interpretacións sobre o seu significado. Unhas din que son obra dun mesmo pobo navegante que colonizou o oeste europeo no Neolítico, outras que son un calendario prehistórico ou mesmo que o conxunto non obedece a unha razón práctica de medir o tempo, senón sagrada, artística e simbólica. Calquera que sexa a explicación, axeónllate e percorre cos dedos as liñas marcadas na pedra para sentir o peso do Historia.

A mellor fin para esta xornada é contemplar o solpor dende o paseo marítimo da praia de Mogor.

Día 2

## Das fervezas do río Barosa aos sendeiros do río Lérez

Deixamos atrás a costa para ir agora cara ao interior das terras de Pontevedra. Aquí, no municipio de Barro, recrearédesvos co son da auga caendo polos máis de 30 metros de desnivel da ferveza do río Barosa, arredor da cal se atopa o complexo etnográfico-medioambiental do mesmo nome. A excepcional topografía deste lugar dálles sentido aos dezasete muíños que forman este gran complexo hidráulico. Poderedes descubrilos mentres subides polo camiño que discorre paralelo á canle baixo a frescura do bosque de ribeira. Case están camuflados, pola paixase e por ter a mesma cor da base granítica da ferveza. O xordo son da auga caendo é intenso incluso no verán, época na que podedes aproveitar para refrescarvos nas pozas, unha oportunidade perfecta para sentir a frescura destas augas na vosa pel.

## Un salto no tempo á Prehistoria

Moi cerquiña de aquí, a **historia Moraña** materialízase nas abundantes manifestacións prehistóricas como a Lapa de San Martiño de Gargantás do 3000 - 2000 a.C. Este é un monólito de dous metros de altura que está incluído no escudo municipal. Cando vos achegades a el, ademais de



Cascada do río Barosa



fixarvos na súa simplicidade e forma cónica con gravados nas dúas caras, decatáredesvos de que está seccionado, o que leva a pensar que esta non era a súa situación orixinal e que incluso podía medir máis. Descoñécese a súa función exacta pero hai quen o relaciona con signos funerarios, antigas lindes territoriais entre tribos ou mesmo cun monumento ao sol.

A nosa viaxe continúa cara ao interior, a un bo lugar para coñecer de preto a nosa cultura prehistórica: o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro. Trátase dun conxunto ao aire libre onde atoparedes case cen petróglifos no seu contexto ambiental e máis de oitenta paneis interpretativos, así como a recreación dun poboado da Idade de Bronce. Sentirédesvos como se estiverades retrocedendo 4.000 anos no tempo. Campo Lameiro está considerado un dos parques arqueolóxicos máis grandes de Europa e o meirande do noroeste peninsular.

## Un achegamento á nosa arquitectura máis tradicional

De volta ao noso camiño e algo máis cerca do presente, encamiñámonos agora ao municipio de Cerdedo para atopar a Eira de Pedre. Rodeados pola igrexa, anterior ao s. XVII, e casas de arquitectura tradicional desta parte da provincia pontevedresa, atoparedes un conxunto de hórreos restaurados na chamada Eira Grande. Este grande espazo comunal, onde o chan está formado por grandes laxas de pedra escura, fálanos da agricultura de subsistencia e da particular economía e organización da xente da época. A só uns metros, un sendeiro discorre paralelo ao río Lérez. Aproveitade para dar un paseo por este val verde e silencioso xa nas últimas horas do día e ver como a luz se vai apagando mentres vos perdedes nun antigo camiño de peregrinos, entre leiras e pastos. Un final maino para dúas intensas xornadas.



Ponte en Pedre. Cerdedo



# Castros, muíños e sambenitos...

## Gárdasme o segredo?



Esta ruta acompaña o río Miño e a historia que corre paralela ás súas augas ata o lugar onde as tributa ao mar, para ascender logo polo rectilíneo treito da costa galega máis meridional.





- 1 Catedral de Tui
- 2 Museo Diocesano de Tui
- 3 Castelo militar de Goián
- 4 Muíños do Picón e do Folón
- 5 Castro de Santa Tegra
- 6 Mosteiro de Santa María de Oia
- 7 Parador de Baiona
- 8 Ponte medieval da Ramallosa
- 9 Castro de Troña
- 10 Vila de Mondariz-Balneario

## Día 1 De Tui á Guarda

Comezamos a nosa ruta pola monumental e histórica vila de Tui, situada xusto no extremo interior do esteiro do río Miño. No pasado, foi a capital dunha das sete provincias galegas ata que se fixo a repartición actual. Tui foi un importante asentamento en todas as épocas da Historia e tamén branco de asedios pola súa situación estratéxica. De feito, no auxe da Idade Media, foi centro relixioso, económico, militar e comercial do sur de Galicia. Durante este esplendor, comezou tamén a construción da catedral no alto da cidade, que se demorou ata o século XIV.

### Xoias románicas e góticas na catedral-fortaleza de Santa María

O mellor premio a un relaxante paseo polo seu casco histórico é precisamente visitar a mencionada sé, coñecida como a catedral-fortaleza de Santa María, chamada así polo seu carácter defensivo. Aquí atoparédesvos de fronte coa porta occidental do templo. Esta entrada, tallada no s. XIII, é a

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Tui.

**Punto final:** Mondariz-Balneario.

**Xornadas:** 2

**Distancia (aprox.):** 125 Km.

composición iconográfica máis importante da arte gótica galega. Este estilo e o románico distínguense ben no interior da catedral, como consecuencia da duración das obras. O seu claustro, outra xoia do gótico galego, é un dos poucos de orixe medieval que se atopan enteiros en Galicia. Rematade o paseo cunha espléndida vista desde a torre dos Soutomaior. E, se durante o percorrido, vistes algunha fenda nas bóvedas, non vos preocupedes, levan aí dende o terremoto de Lisboa no 1775. De volta ao exterior, no lado norte da catedral, entrede no Museo Diocesano de Tui para atopar uns curiosos obxectos que é posible que vos dean arrepios: trátase da única colección de “sambenitos” que se conserva en España. O termo procede de “saco bendito”, que era unha especie de grande escapulario con forma de

Claustro da catedral de Tui



poncho que utilizaba a Inquisición para humillar aos condenados por delitos relixiosos. Os reos eran paseados descalzos, ataviados co sambenito e portando un cirio aceso. A miúdo, trala execución da sentenza, o sambenito expoñíase publicamente para que servise de exemplo e escarnio para a familia do reo, de aí vén a coñecida expresión “colgar o sambenito”.


A camiñada continúa baixando relaxados cara ao río, entre estreitas canellas medievais que fan de miradoiro entre parede e parede. Rodeados de casas fidalgas, albiscaredes a ponte internacional que une Galicia con Portugal e pola que pasa o Camiño Portugués cara a Santiago de Compostela. Pareceravos que estades noutra época e entenderedes por que Tui foi declarada Conxunto Histórico Artístico. Antes de abandonar a zona vella, entrade nas tabernas e mesóns para saborear a gastronomía galega e, sobre todo, as angulas do Miño que contan coa súa propia festa gastronómica durante a festividade de San Telmo, coincidindo coa Pascua.

### Construcións defensivas á beira do Miño

Continuamos a nosa ruta, pola parte galega da desembocadura do Miño cara a Tomiño, para visitar a Fortaleza de Goián ou de San Lourenzo. Este recinto forma parte dun conxunto de construcións defensivas a ambas beiras do Miño, na chamada Raia Húmida. Todas están datadas na Época Moderna e son froito da Guerra de Independencia de Castela iniciada por Portugal en 1640. En concreto, a de Goián está situada enriba do primitivo Forte da Barca. Aínda que de pequena dimensión, presenta unha estrutura perfecta e simétrica.

*Nos castros de Santa Tegra e de Troña evocaredes a vida dos nosos antepasados.*

Pórtico gótico da catedral de Tui







Antes de dirixirnos cara á Guarda, paga a pena facer un alto no camiño para visitar o conxunto etnográfico dos muíños de Folón e de Picón, no municipio do Rosal. Se tedes tempo, facede o percorrido de 3,5 km que une os 67 muíños hidráulicos dos s. XVII e XVIII e mirádeos en perspectiva, coa súa disposición en escaleira para aproveitar a forza da auga.

### Unha panorámica especial

Chegando agora ao concello da Guarda, rematamos esta primeira xornada visitando o extremo máis sudoccidental de Galicia. Este municipio, xunto co do Rosal, atópase no esteiro do Miño, unha extensa zona húmida de gran valor ecolóxico que divisaredes ben desde o castro de



Vista aérea de Tui





Santa Tegra, situado preto do cumio do monte. Só con poñer os pés neste recinto recrearedes a vida dos nosos antepasados. Algúns dos restos escavados foron recuperados, como os castros de planta circular nos que se aprecia a distribución das vivendas prehistóricas co seu típico teito vexetal. Tamén hai casas rectangulares, con esquinas redondeadas, por influencia dos romanos. Aínda que vos pareza un poboado caótico, hai unha orde lóxica arredor de “unidades familiares”, que vos poderíades animar a descubrir. Así como os petróglifos que hai nos arredores e dentro do recinto, ou a Pedra Furada, unha gran rocha oca cunha fiestra natural. Ata cinco mil persoas puideron vivir aquí. Tiñan una economía autónoma e tamén elaboraban cerámicas, xoias, tecidos e instrumentos aos que poderedes poñerlles forma no museo arqueolóxico que se atopa na vila. O broche final a esta xornada podemos poñelo vendo atardecer nalgunha das terrazas da vila mentres degustamos unha fresca lagosta, cuxa festa gastronómica se celebra en xullo.

Día 2

## Do mosteiro de Oia á vila termal de Mondariz-Balneario

Desde a desembocadura do río Miño, avanzamos nesta segunda xornada cara ao norte por unha inusual e rectilínea costa que contrasta coas sinuosas rías galegas. De camiño a Baiona, podedes facer unha parada no mosteiro de Oia, fundado no 1137. A súa silueta parece a dun castelo-fortaleza á beira do mar. De feito, en diversas ocasións exerceu de bastión defensivo.

## Un paseo para recordar o descubrimento de América

Esta función tamén a tivo a antiga fortaleza de Monterreal, xa na vila de Baiona. O edificio foi amurallado no s. XIV para defenderse dos continuos ataques inimigos e, hoxe en día, é sede dun Parador Nacional de Turismo. Para acceder ao recinto, atravesade unha gran porta do s. XVII e despois dade un paseo pola base para sentir





a esencia marítima desta vila. Unha curiosidade é que este foi o primeiro porto de Europa que recibiu a noticia do descubrimento de América. Aquí atoparedes unha réplica da Carabela Pinta que arribou en Baiona o 1 de marzo de 1493. As terrazas do porto, con bonitas vistas ao Real Club Náutico de Baiona, invitan a facer unha parada e descansar un pouco e, de paso, aproveitade para degustar un delicioso arroz con lumbrigante nalgunha delas.

Visitade despois a ponte medieval da Ramallosa, que cruza o río Miñor e divide Baiona e Nigrán. Debaixo da ponte, hai un peto de ánimas e, na metade, un cruceiro no que descubriredes a imaxe de San Telmo. Ata hai uns anos, as mulleres con embarazos malogrados mollaban esperanzadas o ventre coa auga do río ás doce da noite. O conxuro só se cumpría se ademais levaban de padriño a primeira persoa que cruzaba o paso.

## Un castro entre mimosas

Subimos agora ao monte do Doce Nome de Xesús, no municipio de Pontearreas, onde volveredes revivir a Prehistoria no castro de Troña. A vosa viaxe estará acompañada por unha frondosa bóveda vexetal formada, na súa meirande parte, por inmensas mimosas, o que vos dará a impresión de estar atravesando un túnel do tempo. Este antigo poboado tamén está vinculado ás crenzas e ao folclore popular debido á importancia que tivo como enclave estratéxico. Murallas, foxo e parapetos forman un complexo sistema defensivo a uns 280 metros sobre o nivel do mar que reforza esta idea. A súa orixe e ocupación sitúase entre o s. VI a.C. e o II d.C. e actualmente hai escavadas unhas trinta construcións, ademais de atoparse interesantes restos arqueolóxicos.

Unha boa forma de finalizar este percorrido é achegarse a vila termal Mondariz-Balneario, que mantén todo o encanto do período da *Belle Époque*.



Castro de Troña



# Segredos de pedra

## Gárdasme o segredo?



Igrexa de Santa María de Ventosa

O xeodestino Deza-Tabeirós caracterízase pola gran cantidade de tesouros de pedra de incalculable valor etnográfico e cultural que acolle. A través deste itinerario, descubriremos grandes monumentos arquitectónicos que agardan a que os nosos intrépidos pasos e a nosa hábil mirada descubran todos os misterios que agochan.





- 1 Antigo mercado popular de Agolada
- 2 Igrexa de Santa María de Ventosa
- 3 Igrexa de San Pedro de Vilanova
- 4 Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro

Día 1

## Dos Pendellos de Agolada á ferverza do río Toxa

Nestas terras do interior de Galicia, a auga é un elemento esencial. Neste percorrido comezaremos a nosa visita na vila de Agolada, unha terra ategada de pontes, vestixio da presenza romana que aínda nos permiten atravesar os ríos Arnego e Ulla.

### O mercado da Idade Moderna

A poucos metros da praza do concello, e rodeando un gran carballo, podemos dar un paseo polas nosas raíces comerciais grazas aos Pendellos de Agolada. Os pendellos forman parte da arquitectura autóctona galega tanto como as pallozas, os hórreos, os muíños ou mesmo os pazos. Constitúen un dos campos de feira mellor conservados de Galicia e foron levantados no século XVIII, sendo o mercado ao redor do cal xiraba toda a economía da zona. Construídos con pedra, tella e madeira, viviron un intenso proceso de restauración. Se a choiva ou a néboa nos acompañan, poderemos facer un percorrido case máxico polo seu empedrado

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Agolada.

**Punto final:** Silleda.

**Xornadas:** 1

**Distancia (aprox.):** 65 Km.

**Outros datos de interese:**

- › Mosteiro de Carboeiro: Máis info en [www.mosteirodecarboeiro.com](http://www.mosteirodecarboeiro.com)


irregular, tocando as grandes e rugosas pedras dos mostradores ou escoitando o repicar da auga sobre as tellas. Só temos que pechar os ollos para que se produza o salto no tempo que viñamos buscando. Se prestamos atención, aínda podemos escoitar o eco do bruar dos animais que chegan ao mercado tirando dos carros, as voces do pasado exaltando as marabillas dos seus produtos e o xentío que bole entre os mostradores ategados. Para manter viva a tradición, dende hai uns anos no mes de agosto celébranse tres días de festa nos que se realizan diversas actividades. A máis singular é a reprodución dun mercado medieval. Os artesáns caracterizados acoden de toda Galicia





a expoñeren as súas obras ao tempo que se celebran obradoiros e unha romaría. Animádevos a degustar os saborosos torresmos con pan de millo e acompañádeos con viño ou queimada mentres soa a música en directo de gaiteiros.

Se quedades con fame, **preto de Agolada** podedes achegarvos a Lalín, coñecido internacionalmente polo seu cocido e polo seu xeito de preparar o lacón. Debedes facer unha pausa para degustalo en calquera dos moitos restaurantes desta vila.







*Os pendellos son un recinto ferial con orixe na Idade Moderna. Levantados no século XVIII, eran os mercados ao redor dos cales xiraba a economía da zona.*

### O pequeno Pórtico da Gloria

Pero o concello de Agolada oculta aínda máis tesouros, como a pequena igrexa románica de Santa María de Ventosa. Este pequeno templo, do século XIII, agocha no seu interior un fermoso segredo que ninguén revelaría observando a súa rústica aparencia, pois acolle o sepulcro do abade Lope de Ventosa, que os expertos catalogan como unha reconstrución en pequeno do Pórtico da Gloria. Pero o máis espectacular é a marabillosa colección de esculturas e frescos medievais que semellan saír das paredes.



Igrexa de San Pedro de Vilanova





Internándonos agora no termo municipal de Dozón, a igrexa de San Pedro de Vilanova agárdanos nun contorno rural. Esta é unha xoia do románico galego, edificada no ano 1154, e que formaba parte dun antigo cenobio de monxas beneditinas. A igrexa de San Pedro está construída con base en grandes pedras de cantaría granítica perfectamente escuadradas. Observade con atención os motivos xeométricos e vexetais inspirados, moi probablemente, polo veciño mosteiro de Santa María de Oseira.

### Un mosteiro no corazón de Silleda

A seguinte parada do noso itinerario céntrase no mosteiro beneditino de Carboeiro, en pleno corazón de Silleda. Para chegar ata el deberemos mergullarnos nunha frondosa e bela paisaxe e atravesar unha ponte medieval. Á altura dun escarpado promontorio dun meandro do río Deza descubriremos, agochada entre a natureza, esta xoia arquitectónica do románico tardío (ou románico de transición). O nome de Carboeiro vénlle dado pola vexetación forestal da zona, que dende antigo foi empregada para a elaboración de carbón vexetal. A igrexa de Carboeiro presenta numerosas influencias da Catedral de Santiago, como por exemplo, o uso das novas bóvedas de cruzaría ensaiadas en Compostela e a decoración da portada principal que representa os anciáns músicos do Apocalipse, o mesmo ca o Pórtico da Gloria. Non perdades a ocasión de descubrir todos os seus recunchos cunha visita guiada que percorre tanto a igrexa coma os departamentos monacais restaurados a finais do século XX.

Enchoupados da vida monacal, podeades finalizar o percorrido cunha pequena camiñada pola contorna do mosteiro, onde atoparedes construcións de tan bela factura como son o seu pombal ou a ponte do Demo, que recibe este nome por ser noutros tempos punto estratéxico de atracos e roubos.

Como remate a esta xornada, nada mellor que visitar a ferverza do río Toxa. Guíadevos polo murmurio da




Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro



auga, que consegue coarse entre os abundantes freixos e bidueiros, e que vos ha conducir ata unha caída de auga das máis altas de Galicia. Alí, sentados na praia fluvial e adormiñados polos sons da natureza poderedes desconectar de todo o que vos rodea grazas á paz que se respira no corazón da Galicia interior.

*Guiádevos polo murmurio da auga, que consegue coarse entre os abundantes freixos e bidueiros, e que vos ha conducir ata unha caída de auga das máis altas de Galicia.*

Interior da igrexa de Carboeiro






# Xoias do románico no Ribeiro

## Gárdasme o segredo?



Neste itinerario polas terras do Ribeiro, iremos descubrindo grandes tesouros etnográficos espallados por unha terra marcada pola auga dos ríos que a cruzan e as cores das súas vides.





- 1 Parque etnográfico do Arenteiro
- 2 Santuario da Virxe da Saleta
- 3 Igrexa de San Xiao de Astureses
- 4 Igrexa de San Martiño de Cameixa
- 5 Igrexa de San Mamede de Moldes
- 6 Mosteiro de San Clodio de Leiro
- 7 Igrexa de Santa María de Gomariz
- 8 Igrexa de San Miguel de Lebosende
- 9 Igrexa de Santo Tomé de Serantes
- 10 Igrexa de Santa María de Lamas
- 11 Pena Corneira
- 12 Igrexa de Santa María de Beade
- 13 Igrexa de San Xes de Francelos
- 14 Castro de San Cibrao de Las
- 15 Mosteiro de Santa María de Melón
- 16 Termas de Prexigueiro
- 17 Pazos de Arenteiro

Día 1

## Do Parque etnográfico do Arenteiro ao mosteiro de San Clodio de Leiro

Iniciamos esta primeira xornada seguindo o curso do río Arenteiro, ao seu paso polas terras do Carballiño. Alí, agárdanos o Parque Etnográfico do Arenteiro, formado por muíños rehabilitados e destinados a darnos a coñecer os usos tradicionais do río. Seguindo o paseo fluvial dende a ponte Veiga chegaremos ao conxunto etnográfico, camiñando por pasarelas de madeira ou ben internándonos en sendeiras de frondosa vexetación. É un circuíto de 5 quilómetros e, grazas ás pontes que comunican ambas as marxes, podemos ir trocando de beira.

Para recuperar folgos, sentade a descansar nalgún dos seus bancos e escoitade como o son hipnótico do discorrer da auga se mestura co da follaxe das árbores mexidas polo vento, non é unha sensación agradable?

E achegádevos a algún dos establecementos no centro da vila para saborear con calma unha cunca do famoso viño do Ribeiro. Se a fame aperta, acompañádea dunha deliciosa carne richada, dunhas anguías ou dunha ración de polbo

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** O Carballiño.

**Punto final:** Ribadavia.

**Xornadas:** 3

**Distancia (aprox.):** 76 Km.

á feira polo que é tan coñecido O Carballiño. De sobremesa, nada mellor que as famosas canas de crema, típicas da zona.

Continuando o noso camiño cara ao leste, no concello de Boborás, agárdanos moitas e pequenas xoias arquitectónicas. A primeira parada farémola no popular santuario barroco da Virxe da Saleta, agochado nunha espesa fraga que emana espiritualidade a cada paso que damos.

Sen saír do municipio, atopamos outra pequena xoia, a igrexa románica de San Xiao de Astureses. Fundada polos templarios no século XII, foi incorporada dous séculos máis tarde á Orde de San Xoán de Malta. O templo mantén íntegra a súa estrutura románica: unha soa nave e unha interesante cabeceira semicircular.



Rastrexando as pegadas románicas, chegamos ata a igrexa de San Martiño de Cameixa, unha edificación que, a pesar de sufrir reformas nos séculos XVIII e XIX, aínda conserva ese antigo aire medieval reflectido na pedra tallada e moldeada. Despois deste percorrido pola pedra monumental, é tempo para unha pequena camiñada. Mergulládevos na natureza frondosa dunha fraga autóctona e seguides o camiño empedrado cara ao cumio onde se agocha a igrexa de San Mamede de Moldes, construída no século XII sobre un antigo castro e integrada no cemiterio. Este santuario destaca tanto pola súa sinxeleza coma polo seu contorno. Aos seus pés atoparedes un interesante conxunto etnográfico composto por un pendello de feira e un antigo camposanto ao que as cores do atardecer lle fan perder a frialdade da súa pedra.


### Coloridos socalcos para finalizar a xornada

Para poñer fin a esta primeira xornada, dirixímonos ao concello de Leiro onde atoparemos, escoltado por impresionantes e coloridos socalcos, o mosteiro cisterciense de San Clodio. De orixe incerta, este cenobio foi construído no século XII e estivo á disposición dos monxes beneditinos, que o converteron nun núcleo agrícola moi próspero. Precisamente desde este mosteiro introduciuse a vide na zona. Non deixedes de buscar na fachada a cruz de Caravaca, máis coñecida como a “Divina Reliquia”, que era venerada polos aldeáns por liberar as vides da sarabia.

Día 2

### Da igrexa de Gomariz á igrexa de San Xes de Francelos

Nesta segunda xornada, permaneceremos en Leiro esperando descubrir a gran cantidade de pequenas xoias espalladas que aínda nos agardan. Internándonos na parroquia de Gomariz recíbenos no alto a súa igrexa, de finais do s. XII, dende a que podemos ver dun xeito privilexiado o serpeante curso do río Avia. Nos meses de febreiro e marzo a esta fermosa paisaxe hai que engadirle o espectáculo proporcionado polas mimosas: o monte tinguése de cor amarela e se impregna co seu característico arrecendo. Do santuario orixinal, vinculado aos monxes do mosteiro de San Xusto de Toxos Outos, en Lousame, aínda poderedes ver o cadeirado do muro e os canzorros do beirado. Seguindo coa pegada medieval, acudimos á parroquia de San Miguel de Lebosende onde a súa igrexa aínda conserva a portada occidental do románico tardío. Outra mostra do románico rural é o que atopamos na igrexa de San Tomé de Serantes, unha prototípica estrutura deste período que conta cunha soa nave rectangular e o teitume en



Parque etnográfico do Arenteiro

*Se vas ó Ribeiro,  
vai por Ribadavia,  
vai por Ribadavia,  
ven por Ventosela,  
hai unha neniña que  
eu quero vela.*

*Cantiga popular*





madeira.. Deste mesmo período tamén é a igrexa de Santa María de Lamas, unha construción de extrema sinxeleza, que presenta a clásica tipoloxía rural de nave rectangular.


A parroquia de Lamas ergueuse, segundo conta a tradición, nas proximidades dun castelo desaparecido no que se supón que estivo cativo Afonso VII. Dende Santa María de Lamas, dous camiños guiarán os nosos pasos ata a curiosa formación rochosa de Pena Corneira e o Miradoiro do Outeiral, ambos a máis de 600 metros de altitude polo que podemos gozar dunhas excelentes vistas.

### Paseo pola natureza


Partindo do paseo fluvial de Leiro, á altura da pasarela sobre o río, preparámonos para o ascenso ata Lebosende polo chamado Camiño Real. Unha senlleira paisaxe de vexetación autóctona que nos conducirá ata a área recreativa de Pena Corneira onde atopamos os “cornos” de granito que lle dan nome.

E, desta marabilla creada pola natureza, trocamos a unha creada polo home. É obrigada a visita á Encomenda de Beade, un conxunto histórico-artístico de orixe medieval e reformado na Idade Moderna que está composto por unha igrexa, un calvario, un viacrucis e unha capela popular.

Diriximos agora os nosos pasos cara a Ribadavia que, como o seu propio nome indica, está á ribeira do río Avia. Alí dános a benvinda a igrexa de San Xes de Francelos no val do mesmo nome. Datada no século IX, é unha construción única dentro da arquitectura prerrománica. A fachada da súa



Igrexa de San Martiño de Cameixa



Mosteiro de San Clodio de Leiro



capela alberga varios elementos moi destacables. Observade con atención o seu arco de ferradura de influencia visigótica, as columnas con capiteis corintios e as dúas escenas de carácter bíblico. Pero quizais o máis interesante sexa a súa célebre celosía, decorada con diversos motivos.

Día 3

## Do castro de San Cibrao de Las a Pazos de Arenteiro

Poñémonos en marcha este terceiro día de xornada dirixíndonos á “Cidade”, como é coñecido o castro de San Cibrao de Las, un dos poboados castrexos fortificados de maior tamaño entre os localizados no territorio de Galicia, nos termos municipais de Punxín e Santo Amaro. Unha ocupación continuada que abarca dende o século II a.C. ata o século II d.C. e que se caracteriza polo seu avanzado estado de romanización. O seu nome, rodeado de misterios, remítenos a San Cibrao, un bruxo que se converte ao cristianismo para rematar sendo santo. Segundo a tradición, San Cibrao é o autor do “Ciprianillo”, un manual que servía tanto para atopar os tesouros dos mouros coma para desencantalos. O castro está localizado a carón do Monte de San Trocado polo que, a pesar de non poder ver o río Miño desde aquí, si que poderedes albiscar os veciños castros de Santa Ádeda, o de Trelle ou o do Coto do Castro.

## Paseando por unha aldea de orixe medieval

Desprazámonos ata Melón para coñecer o mosteiro cisterciense de Santa María, unha xoia pouco coñecida froito da mestura de varios estilos: románico, renacentista e barroco. O templo, fundado no século XII, pasou por tempos mellores pero, a pesar disto, é moito o encanto que queda atrapado nos seus grosos muros e nos seus dous claustros. De volta á fermosa vila de Ribadavia, desviarémonos un pouco da ruta para visitar o complexo termal ao aire libre de Prexigueiro. As termas do río Cerves son coñecidas dende antigo,





pois xa aparecían mencionadas na documentación do mosteiro de Santa María de Melón, ao que pertencían. Situadas en plena natureza, o contorno convida a seguir algunha das rotas de sendeirismo que transcorren pola ribeira do río. Despois da camiñada, animádevos a poñervos o traxe de baño para probar o circuito de piscinas de diferentes temperaturas. Un dos mellores momentos para gozar destas augas termais é cando o contraste entre a calor da auga e o frescor da noite empeza a ser máis evidente.

### Pazos de Arenteiro

Despois da tranquilidade proporcionada polas augas termais e o contacto coa natureza, poñemos rumbo de novo ao concello de Boborás, en concreto á aldea de orixe medieval de Pazos de Arenteiro. A nosa primeira descuberta será a fermosa ponte da Cruz sobre o río Avia que, invadida pola natureza, amosa as feridas da loita entre os veciños e as tropas napoleónicas. Pazos de Arenteiro sorprende pola riqueza das súas casas e pazos. De feito, o

seu nome fai referencia ao abundante número destas construcións levantadas ás beiras do río Arenteiro, froito da herdanza da súa importancia en séculos pasados.

Deambulate polas rúas desta vila saboreando cada recuncho de historia, os monumentos que agocha este Conxunto Histórico Artístico han vir ao voso encontro. Non perdades a Casa de Arriba, o pazo dos Feixóo, o de Tizón, o de Currelo ou a igrexa de San Salvador, que acolle os sepulcros das persoas que quixeron ser enterradas aquí, un dereito obtido mediante o pago en viño.

Pero Pazos de Arenteiro tamén debe parte da súa importancia á súa posición estratéxica na comunicación entre Ribadavia e Chantada; unha proba disto é o peto de ánimas apoiado na cabeceira da igrexa medieval onde os arrieiros depositaban as súas moedas para rogar polas benditas ánimas do Purgatorio.


Se aínda vos quedan forzas para seguir camiñando, animádevos a percorrer a ribeira a través dunha frondosa carballeira.






# Percorrendo Lugo: do interior á costa

## Gárdasme o secreto?



A Terra Chá é especial por moitas razóns: pola súa particular orografía e paisaxe que lle dan nome, por ser o lugar onde nace o río máis importante de Galicia, o Miño, así como por outras manifestacións da vida humana que se foron asentando co tempo. Nesta comarca, atopamos tradicións e gastronomía ligada aos froitos destas terras e destas augas. E falando de augas, este itinerario non remata aquí, senón que se achega dende o interior ata a costa de Lugo, un final perfecto para este percorrido.





- 1 Muralla de Lugo
- 2 Mosteiro de Ferreira de Pallares
- 3 Ninfes de Santalla de Bóveda
- 4 Igrexa de Bacurín
- 5 Museo-Fortaleza de Friol
- 6 Pena das Rodas
- 7 Castro de Viladonga
- 8 Mosteiro de Santa María de Meira
- 9 Muíños de Castroverde
- 10 Lagoa de Cospeito
- 11 Barrio dos Muíños de Mondoñedo
- 12 Mosteiro de San Salvador de Lourenzá
- 13 Basílica de San Martiño de Mondoñedo
- 14 Castro de Fazouro
- 15 Praia de Arealonga

Día 1

## Da Muralla de Lugo a Outeiro de Rei

Aproveitando que a nosa viaxe parte da capital da provincia, reservaremos o comezo da xornada para achegarnos á Muralla de Lugo, declarada no ano 2000 Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e recordo permanente que deixaron os fundadores da cidade.

### Un tranquilo paseo polo Patrimonio da Humanidade lucense

Entrade ao recinto amurallado de Lucus Augusti, nome que os romanos lle deron a este asentamento, e subide ao adarve para percorrer os case 2,3 quilómetros deste ancho paseo bimilenario. Camiñar por esta obra romana transportarvos a outros tempos, pero sen dúbida a xente paseando, falando ou facendo deporte fai que vos decatedes de que a muralla está máis viva ca nunca, pois parece unha rúa máis desta pequena cidade encantadora. Se vos cadra de chegar aquí no solsticio de verán ou a primeiros de outubro, poderedes mesturarvos

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** Lugo

**Punto final:** Foz

**Xornadas:** 3

**Distancia (aprox.):** 189 Km.

**Outros datos de interese:**

- › Museo-Fortaleza de San Paio de Narla: 982 375 156. Os luns permanece pechado.

co bulicio dos miles de visitantes que acoden ao Arde Lucus, unha celebración na que evoca ao pasado romano da cidade e ás festas patronais do San Froilán, respectivamente.

En Lugo, atoparedes tamén o Miño, o máis importante dos ríos galegos. Máis adiante descubriremos o lugar do seu nacemento, pero antes atoparemos outros tesouros nos arredores da capital provincial, alí onde comeza a comarca de Terra Chá.

Imos primeiro ao concello de Guntín para visitar o mosteiro de Ferreira de Pallares. Co fresco son do río Ferreira como acompañante, camiñade sen demasiado esforzo ata a chamada Ponte



Cabalar. Desde aquí, achegádevos ao cenobio para apreciar o valor deste recinto fundado no ano 909 polos condes don Ero e dona Laura. Visitade o claustro e o mausoleo dos Taboada e, no exterior do templo, bebede da auga que cae nun sepulcro antropomorfo convertido por casualidade en pía bendita. Quen sabe, mesmo pode ter propiedades máxicas...

### Un templo con piscina interior

Tamén moi cerca de Lugo capital, a só 14 quilómetros, descubrimos agora outra curiosidade que nos deixa a arquitectura do pasado: o ninfeo de Santalla de Bóveda. Este templo cristianizado data da época romana e, xusto no centro da súa planta rectangular, ten unha pequena piscina. Esta estrutura, única no occidente europeo, provocou diversas interpretacións sobre a súa orixe: lugar de baños, ninfeo ou conxunto monumental levantado de acordo co rito romano de honrar a Cibeles, venerada na capital do Imperio como a gran nai dos deuses.

### Un anaco da nosa Historia no museo-fortaleza de Friol

Poñemos agora rumbo ao norte e, se o tempo acompaña, contemplade a beleza exterior da igrexa románica de Bacurín, da segunda metade do século XII, para despois encamiñarvos cara ao museo-fortaleza de Friol. Xa se sabe que por moitas veces que se pase por un sitio, os nosos ollos sempre o poden ver de maneira diferente e descubrir novos segredos. Esta inmensa capacidade de marabillarnos podédela poñer en práctica cando esteades dentro deste castelo do s. XIV, reconstruído na súa maior parte un século despois e convertido en museo no século XX.

Do s. XVI son a maioría dos apeiros de labranza, armaduras, carrozas de cabalos e instrumentos de cociña. Case vos cansaredes de contar as armas que hai expostas e poderedes imaxinar tempos pasados. Percorrede sen recato os cuartos, como se estiverades nunha casa amiga, os salóns, a cociña con forno de granito e a lareira, e, para rematar, subide exhaustos á torre para deleitarvos coas vistas da contorna.

### O poder infinito das pedras

A auga fixo da Terra Chá unha zona moi produtiva e, dende antigo, as comunidades asentáronse nestes vales tan fértiles. Para darlles grazas á deusa Terra e ao deus Sol seguro que os antepasados se achegaron ás Penas de Rodas, no concello de Outeiro de Rei. Estes dous grandes bolos de granito foron un lugar de culto prehistórico e, ao mellor, tamén estación astronómica para configurar un calendario agropecuario nestas fértiles terras do



Mausoleo dos Taboada. Ferreira de Pallares

*Quen dixo claro río Miño  
que naces en Fonmiñá,  
se cando chegas aló  
xa vas feito un rapaz.  
Río Miño, río Miño,  
pasa paseniño  
non me despertes  
o meu meniño.*

*Cantiga popular*



Ninfeo de Santalla de Bóveda



Miño. Chegaredes ás penas despois de percorrer os primeiros quilómetros dunha ruta de sendeirismo. Se aínda conservades forzas, podedes continuar ata o **Miradoiro da Terra Chá** desde onde divisaredes unhas impresionantes vistas. Xa que estades en Outeiro de Rei, probade as súas deliciosas anguías fritidas e aproveitade para ir

ata Bonxe e levar convosco un recordo dunha das olerías máis importantes de Galicia xunto coas de Buño (A Coruña), Gundivós (Lugo) e Niñodagua (Ourense). Outra artesanía característica desta comarca son as zocas feitas con madeira de bidueiro. E, no que se refire á comida, un dos alimentos básicos da dieta galega: a pataca.

Fortaleza de San Paio de Narla





## Do castro de Viladonga á lagoa de Cospeito

Comezamos esta segunda xornada de camiño indo un pouco máis cara ao norte da provincia. No municipio de Castro de Rei atoparémonos de novo co pasado. Co pasar dos milenios, os habitantes destas terras deixaron de ser nómades e se asentaron en poboados castrexos, como o de Viladonga. Pasade ao interior do museo e collede as claves para comprender a vida que algunha vez houbo nestas ruínas de vivendas e de rúas.

### Ver nacer o río máis grande de Galicia

Moi preto de aquí, avanzamos na liña do tempo por esta parte de Lugo, visitando o mosteiro de Santa María de Meira. O recinto, coa súa presenza sobria e austera, é testemuña pétreo do asentamento da orde relixiosa do Císter en España. A paisaxe tranquila e as terras fértiles invitou ao asentamento desta comunidade nesta zona e seguro que tamén atoparon no nacemento do río Miño no Pedregal de Irimia, na serra de Meira, outra vantaxe para seguir a súa principal premisa *Ora et labora*.

Do antigo mosteiro, só se conserva un tramo dunha porta que dá ao claustro das procesións, parte do claustro renacentista, e á igrexa. Fixádevos nas ferraxes románicas da porta da fachada, do s. XII. É unha das poucas do seu estilo que se pode ver na actualidade en toda España. E virádevos para ver a curiosa espadana de tres campás no alto do muro.

Dando de novo un chimpo no tempo e no espazo, a evolución da sociedade tamén se aprecia nas obras de enxeñería civil. O aumento da poboación fixo que se mellorasen as formas de moenda. Os muíños de man, que constan de dúas pedras de acción manual, dan paso aos muíños hidráulicos. Un exemplo atoparédolo no roteiro de muíños de Castroverde. A visita ao enclave é unha boa opción para gozar da paisaxe de media montaña en toda a súa beleza e



quizais, ver algún corzo esquivo... Dividide a visita en dous tramos, os PRG-133 e 134, para explorar mellor o lugar. Xusto no comezo do segundo está o muíño de Lamela, un dos poucos de Galicia con nora exterior.

### Seguindo o curso da auga ata a lagoa de Cospeito

Seguindo a auga e as súas múltiples formas de aparecer na natureza, a nosa seguinte parada é a lagoa de Cospeito onde contemplaredes a súa variada riqueza natural. Aproveitade para descansar, descubrir algunha das moitas especies de aves que aquí aniñan e algún que outro animal agochado neste sorprendente hábitat. Buscade un recuncho, descalzádevos e sentide como a liberdade e a frescura vos soben polos pés libres, mentres vos recreades na imaxe da paisaxe e a mente comeza a asociar ideas... Será certo que debaixo destas augas hai unha aldea somerxida?


Día 3

### De Mondoñedo á praia de Arealonga

Nesta terceira e última xornada de viaxe, seguiremos a auga ata unha das antigas capitais do Antigo Reino de Galicia, Mondoñedo. O son característico das moas xa non acompaña o curso do río Valiñares ao seu paso polo barrio dos Muíños, pero aproveitade para percorrer os camiños que comunican as casas pegadas á corrente e a armazón de pontes e corredores que fan que entre os mindonienses se coñeza esta zona como “a Venecia”.



Castro de Viladonga



Muíño da Lamela



Igrexa de Santa María de Meira






### Un doce souvenir de Mondoñedo

Xa que estades en Mondoñedo, aproveitade para dar un paseo polo seu centro antigo e levar convosco un saboroso recordo: a famosa torta de Mondoñedo, con base de follado, biscoito, améndoa, froitas en xarope e cabelo de anxo.

O mosteiro de San Salvador será o que motive a nosa visita ao fértil val de Lourenzá, famoso polas súas fabas que teñen a súa correspondente festa o primeiro domingo de outubro. No cenobio está gardado o sepulcro do seu fundador, o conde Osorio Gutiérrez ou *Conde Santo*. Conta a lenda que metendo un dedo polo burato da parte baixa da urna, aquel que consiga tocar os ósos verá cumprido un desexo. No día da festa grande, o último sábado de agosto, é longa a fila de xente desexosa de comprobar a veracidade da historia a pesar da incerteza de saber que hai dentro do oco. E vós, atrevédesvos?

### Descubrinto a costa de Lugo

Imos rematando o camiño xa no territorio da Mariña, en concreto no municipio de Foz. Visitade primeiro a basílica de San Martiño de Mondoñedo. Con vestixios do s. XI e estrutura definitiva de finais do s. XII, está considerada a catedral máis antiga de España. Dade unha volta pola contorna e tocade os impresionantes contrafortes que suxeitan impasibles os muros e mollade as mans con devoción na fonte da Zapata. Segundo a lenda, o bispo San Gonzalo tirou unha zapatilla xusto onde agora está o manancial e de alí brotou auga con poderes milagreiros.





Os nosos pasos rematarán xusto ao pé do mar, no municipio de Foz, para contemplar estrañados e marabillados o castro de Fazouro. Este é o único asentamento primitivo escavado e musealizado na costa cantábrica galega. Pasade sobre a ponte do río Ouro para chegar á península de Punta do Castro. A acción erosiva do mar foi labrando parte do recinto, pero coa experiencia recollida en Viladonga poderedes descubrir elementos similares que vos axuden a interpretar a visita. Se o tempo, a hora e os vosos propios desexos volo permiten, un baño salgado na praia de Arealonga permitirá refrescarvos. Será tamén a escusa perfecta para deitarvos tranquilos a xuntar e recordar todos os segredos descubertos nestes tres intensos días.




Castro de Fazouro





# Ribeira Sacra: entre vides e mosteiros

## Gárdasme o segredo?



A Ribeira Sacra é unha terra marcada polos dous grandes ríos que a moldean, así como pola fe e a espiritualidade que aínda envolve os numerosos mosteiros espallados pola súa fermosa paisaxe.

Habitada dende a antigüidade, a súa riqueza histórica, a súa impresionante natureza e a súa deliciosa gastronomía son unha aposta segura para os sentidos.





- 1 Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño
- 2 Igrexa de San Paio de Diomondi
- 3 Igrexa de San Martiño da Cova
- 4 Cabo do Mundo
- 5 Mosteiro de Santa María de Ferreira
- 6 Igrexa de San Miguel de Eiré
- 7 Igrexa de Santo Estevo de Atán
- 8 Igrexa de San Vicente de Pombeiro
- 9 Igrexa de Santo Estevo de Chouzán
- 10 Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
- 11 Mosteiro de San Pedro de Rocas
- 12 Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo
- 13 Mosteiro de Santa María de Montederramo
- 14 Canón do río Mao
- 15 Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil

Día 1

## De Santo Estevo de Ribas de Miño ao miradoiro do Cabo do Mundo

Comezamos a nosa andadura no municipio lucense do Saviñao para coñecer de preto unha das moitas construcións relixiosas polas que esta terra recibe o sobrenome de Sacra, a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño. Construída a finais do s. XII, é un dos exemplares máis impresionantes do románico rural galego. A súa localización, nunha marxe empinada do río que lle dá nome, obrigou a edificar unha cripta para elevar o templo, de tal xeito que a igrexa semella estar suspendida no alto dos viñedos. A súa fachada, delicadamente cicelada en granito, recorda a obra do Mestre Mateo no Pórtico da Gloria.

### Lendas, romarías e belas paraxes naturais

Sen saír deste concello, visitaremos a igrexa de San Paio de Diomondi, de orixe mítica e lendaria, pasou a ser beneditino no século X. O 22 e 23 de agosto, os devotos invaden a parroquia para

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** O Saviñao.

**Punto final:** Parada de Sil.

**Xornadas:** 3

**Distancia (aprox.):** 175 Km.

celebrar a romaría dos Remedios. Ademais dos oficios relixiosos e das peticións á Virxe, tamén aproveitan a ocasión para deleitar o padal cun bo xantar nunha carballeira centenaria a poucos metros do santuario.

Seguindo o curso do Miño, chegamos á igrexa de San Martiño da Cova. Trátase dun templo románico de finais do século XIII que formaba parte do mosteiro de Santo Agostiño. Esta fermosa construción agocha no seu interior pinturas que representan á Santísima Trindade. Desde aquí, gózase dunhas estupendas vistas da agreste paisaxe que rodea a igrexa. Antes de chegar a San Martiño e tras atravesar un sendeiro de vexetación espesa chegamos ao miradoiro da Cova para conseguir unha inmejorable perspectiva da gorxa do Miño, o chamado Cabo do Mundo. Este é un



lugar no que o río serpeante troca de dirección no medio dunha gran calma. Descendendo con coidado por unha pista estreita e con forte pendente, rodeados de socalcos, chegaremos agora á praia fluvial da Cova. Protexida da brisa por un contorno de natureza salvaxe, resulta acolledora para refrescarse nunha calorosa xornada estival.

Día 2


## Do mosteiro de Santa María de Ferreira á igrexa de Santo Estevo de Chouzán

Na nosa segunda xornada, sen afastarnos da beira do Miño, poñemos rumbo ao concello de Pantón, rico en patrimonio histórico e cunha impresionante natureza. A primeira parada será o mosteiro cisterciense de Santa María de Ferreira, aínda habitado por unha pequena comunidade de monxas. Percorrede con calma o interior da súa igrexa e observade o artesoadado de tradición mudéjar ou a talla medieval da Virxe co Neno. Non marchedes sen dar conta dos doces de améndoas feitos polas monxas para comprobar se son merecedoras da súa gran sona coma reposteiros.

### Un paseo entre o humano e o divino

Continuamos agora ata a igrexa do antigo mosteiro de San Miguel de Eiré, do século X. Da fábrica medieval consérvase o curioso templo de finais do XII, moi vinculado ao románico de Castela. Resulta moi curiosa a torre-miradoiro que, dende o exterior, parece dividir o templo en dúas partes: a humana e a divina. Non pasedes por alto as pinturas da bóveda interior nin o seu Pantocrátor.

Imos agora cara á igrexa de Santo Estevo de Atán, que formaba parte do mosteiro fundado polo bispo Odoario de Lugo no século VIII. Duramente castigado durante as incursións musulmáas, reconstruíuse entre os s. XII e XIII. As súas celosías prerrománicas son o máis característico do templo. Entrade para ver o espectacular conxunto pictórico no que destacan a Anunciación, San Gabriel e a Virxe María antes de poñervos de novo en marcha para visitar a igrexa de San Vicente do Pombeiro, dos s. XII e XIII.



*O xesto monacal de pedra  
bendice o sosego da aldea...  
Axeóllanse os camiños  
abrazados ó cruceiro  
nun azul eternidade  
de pedra e ceo.*

Luís Amado Carballo





Para rematar esta xornada polo corazón da Ribeira Sacra, internarémonos no concello de Carballedo. Seguindo un sendeiro en forte pendente, atoparémonos de cheo coa igrexa de Santo Estevo de Chouzán, declarada Monumento Histórico Artístico en 1950. Este templo foi trasladado pedra a pedra en 1962 para evitar que fose asolagado polas augas do encoro de Belesar. No seu interior, destacan as pinturas que representan o Xuízo Final. Deleitádevos no contorno case máxico. Escoitade o zoar do vento entre as árbores e o murmurio das augas durante unha pequena camiñada.

Día 3

## Dos Peares ao mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil

A terceira xornada pola Ribeira Sacra iniciámola seguindo de novo o río Miño ata o municipio de Nogueira de Ramuín para que, chegados aos Peares, mixture as súas augas escuras coas verdes do Sil. Continuamos agora por estradas locais ata ao fermoso e impresionante mosteiro de Santo Estevo de Ribas do Sil. A súa construción actual data do século XII, aínda que a súa orixe se remonta ao século X. Situado na ladeira meridional do Sil, o edificio do convento foi totalmente

rehabilitado e desde hai uns anos está integrado na rede de Paradores Nacionais.

### Un Parador de Turismo románico, gótico, renacentista e barroco

A etapa de esplendor do mosteiro chegou cinco séculos despois da súa fundación cando se retiraron aquí nove bispos santos. A pegada da súa presenza marcouse no Claustro dos Bispos, onde atoparedes as súas sepulturas, e no escudo do mosteiro no que se representan nove mitras.

O mosteiro, que ten unha fermosa fachada barroca, mostra tamén elementos doutros estilos artísticos froito das sucesivas modificacións que aquí conviven: románico, gótico, renacentista e barroco. Aproveitade e dade un paseo polo interior do edificio para descubrir os segredos deste lugar. No interior da igrexa, destaca o retablo pétreo onde está presente a man dalgún discípulo do Mestre Mateo. Entre as dependencias mellor conservadas do mosteiro destacan a cociña, cunha gran lareira central de pedra, e a escada de honra a carón da portería, cuberta cunha fermosa bóveda de crucería e con nove rosetóns decorados.

O domingo máis próximo ao 11 de novembro ten lugar en Santo Estevo de Ribas de Sil un gran magosto no que se dá conta de castañas asadas

Mosteiro de Santa María de Ferreira





Igrexa de San Miguel de Eiré



dos mesmos castiñeiros dos arredores xunto co viño novo destas terras.

### Tras as primeiras pegadas do cristianismo en Galicia

Afastámonos agora un pouco da corrente do río que nos guía. Chegados ao concello de Esgos, atoparemos as primeiras pegadas do cristianismo en Galicia no mosteiro de San Pedro de Rocas. Se

vos animades, percorrede a pé o Camiño Real que vai desde a vila ata o templo e que transcorre por corredeiras con vexetación autóctona que hai anos comunicaban as aldeas da zona. O traxecto vains preparando para o halo espiritual que envolve a San Pedro, un lugar escollido hai moitos séculos polos anacoretas para o retiro, a oración e a penitencia. Este templo, escavado en rocha viva, acubilla no seu interior un gran tesouro que agarda a que o descubrades: o chamado Mapamundi dos

Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil





Beatos. Nel amósase a dispersión dos apóstolos de Cristo ao longo do mundo na súa prédica do cristianismo. Ao entrar na igrexa, a sensación é moi similar á de estar nunha cova primitiva. O silencio sepulcral e a penumbra invaden a estancia. Rodeando o templo, poderedes descubrir sepulturas antropomorfas, ás que a pedra, a choiva acumulada e o lique lles dan un verniz máxico. Preto destas tumbas, buscade a milagreira fonte de San Bieito, da que din emana auga capaz de curar as verrugas e de suavizar as engurras.

O mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo é o seguinte na nosa visita. Tras as reformas vividas por estes muros ao longo de máis de 800 anos, o máis destacable é a igrexa románica con fachada neoclásica e un sinxelo pero fermoso claustro no que, a pouco que exploredes, podeades descubrir tres curiosos reloxos de sol.

### Unha beleza renacentista

Dirixímonos agora na procura do mellor exemplo monástico de arte renacentista en Galicia, o mosteiro de Santa María de Montederramo. Fundado na primeira metade do s. XII polos monxes beneditinos, axiña pasou a integrarse na Orde do Cister. Especialmente fermoso é o claustro baixo ou de hospedaría, construído no século XVI. Paseade con calma sen vos sentir observados polas cabezas humanas esculpidas nos medallóns.

A pouco máis de dez quilómetros deste mosteiro atoparedes un dos meirandes bidueirais de Galicia. Esta árbore era empregada para fabricar apeiros de labranza e as tan características zocas, moi prácticas para camiñar polas corredeiras enlamadas. E, se vos coincide achegarvos por estas terras arredor do 12 de outubro, non perdades a oportunidade de asistir á Festa da Carne. Esta é unha herdanza da histórica Feira dos Bois. Esta gran xuntanza gastronómica xira ao redor da carne de vitela galega ao caldeiro, acompañada doutros produtos da zona.

De camiño ao noso seguinte enclave relixioso, non esquezades facer unha parada para contemplar a grande obra da natureza no canón do río Mao, un afluente do Sil na parroquia







de **Braxacova**, onde unha pasarela elevada de madeira permítenos ver o canón desde arriba ao longo de quilómetro e medio. Seguindo por unha estrada estreita e chea de curvas, chegamos a Parada de Sil onde agardan os canóns máis agrestes e escarpados de toda a Ribeira Sacra. Se o día é claro, moreas de miradoiros vanvos permitir albiscar varios municipios da Ribeira Sacra lucense como pano de fondo. Os máis asonados son os “Balcóns de Madrid” dende os que podemos apreciar pendurados sobre o baleiro, a espectacularidade das paredes rochosas, con máis de 300 m de caída.

### Un mosteiro entre castaños

Poñendo fin a esta xornada, e de volta na ribeira do Sil, continuaremos baixo unha bóveda de castiñeiros centenarios ata chegar ao mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. Neste lugar case de lenda, a natureza toma o control. No medio do souto atoparedes un conxunto arquitectónico ben conservado, refuxio de monxes e de relixiosos en tempos pasados. Baixade para atopar o templo case escondido. O silencio e a calma son os protagonistas deste lugar que, de seguro, vos deixará fondamente impresionados.

No interior da igrexa, do século XII, hai unhas interesantes pinturas murais renacentistas nas que se retrata a varios santos. A fermosura na sinxeleza das formas contrasta co seu espectacular e



Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo



Monasterio de Santa María de Montederramo




*A flor románica engalana estes eidos  
e aínda o vento leva o seu recendo.  
Ribas de Miño, Nogueira, Diomondi,  
A Cova, Eiré, Atán, San Fiz de Cangas,  
Pombeiro, Ribas de Sil, Santa Cristina:  
¡fostes outrora pedras consagradas,  
rosetós redondos como o mundo,  
símbolos da perfección e da divinidad,  
hoxe materia melancólica, oficiando  
o rito fiel e agridoce da nostalxia!*

Manuel María, "O Miño, canle de luz e néboa"

decorado rosetón que permite que a luz penetre no interior. Outros elementos chamativos son a torre do campanario, que fai as veces de torre vixía coa súa pouco habitual forma de pirámide, o claustro e as lápidas dos primeiros abades. Tampouco van pasar desapercibidos nesta visita os imponentes miradoiros na procura do profundo río Sil.

Despedimos a Ribeira Sacra co espírito en paz despois de percorrer os seus montes máxicos, onde a natureza salvaxe e a fe conviven en perfecta harmonía. Guiados polas ribeiras do Miño ou ben navegando polos canóns do Sil, descubrimos recunchos inaccesibles por terra onde se agochan auténticas xoias medievais.



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil



# Ourense: pedras con encanto


## Gárdasme o segredo?

Conxunto de hórreos da Merca



Ao longo deste percorrido por terras ourensás, descubriremos unha gran parte do seu patrimonio máis descoñecido. Superviventes pétreos do paso do tempo, presentan un desigual estado de conservación pero todos manteñen intacto o seu valor como testemuñas artísticas e etnográficas.





- 1 Conxunto de hórreos da Merca
- 2 Vilanova dos Infantes
- 3 Capela de San Miguel de Celanova
- 4 Castro de Castromao
- 5 Igrexa de Santa Comba de Bande
- 6 Igrexa de San Salvador de Manín
- 7 Megalitos do Val do Salas
- 8 Centro de interpretación "Aquae Querquennae Via Nova"
- 9 Mosteiro de Bon Xesús de Trandeiras
- 10 Museo de arte sacro do convento de Santa Clara de Allariz
- 11 Castelo de Maceda
- 12 Colexiata de Xunqueira de Ambía

Día 1

## Dos hórreos da Merca ao encoro de Salas

Comezamos a nosa visita nunha vila de marca, xa que nela podemos ver a maior concentración de hórreos de toda España. Ata 35 cabaceiras se chegan a contar no conxunto de hórreos da Merca. Aliñadas nunha pendente para a súa perfecta aireación, son a mellor testemuña dun pasado rural moi vivo. Camiñando polo Campo da Feira, sentiredes como o zoar do vento atravesas os ocos das paredes de madeira ocre. Na Merca, todos os hórreos son deste material coa excepción de dous que son mixtos. Se queredes saber cal é a antigüidade de cada exemplar, a clave é comprobar que tipo de cravos ten a súa portuña. Se son de ferreiro, estaredes ante os cabazos máis antigos.

### Asomándonos á época medieval...

Tras esta parada etnográfica, continuamos o noso percorrido ata terras de Celanova, tantas veces cantadas por coñecidos autores das nosas letras como Curro Enríquez, Celso Emilio Ferreiro ou

## INFORMACIÓN ÚTIL

**Punto de inicio:** A Merca

**Punto final:** Xunqueira de Ambía

**Xornadas:** 2

**Distancia (aprox.):** 112 Km.

**Outros datos de interese:**

- ▶ Museo de Arte Sacro de Santa Clara: permanece pechado do 15 de xaneiro ao 15 de febreiro. Máis info sobre horarios e entradas en [www.allariz.com](http://www.allariz.com).
- ▶ Centro Arqueolóxico Aquae Querquennane: 988 444 401. Máis info sobre horarios e entradas en [www.fundacionaquivanova.com/](http://www.fundacionaquivanova.com/) contacto.

Méndez Ferrín. Comezaremos pola vila medieval de Vilanova dos Infantes. Camiñando devagar polas súas rúas, atoparemos algunha das antigas casas señoriais que rodean a torre do castelo, derrubado polos Irmandiños a mediados do século XV e reconstruído máis tarde. Tamén podemos





Vilanova dos Infantes

atopar os restos dun mosteiro pegado á actual igrexa parroquial, de estilo románico. Neste templo consérvase un Cristo de madeira do século XII, de tamaño natural e de matices bizantinos. Fixádevos especialmente na súa cruz, pois semella as ramas dunha árbore.

Xa no centro da vila de Celanova, nas proximidades do mosteiro, achegádevos a coñecer a capeliña mozárabe de San Miguel. Esta constitúe un exemplo único na Península Ibérica e resulta esencial para entender os tempos de repoboación cristiá. Seguramente, o que primeiro chamará a vosa atención serán as súas dimensións, apenas 22 metros cadrados, pero tamén é singular pola súa estrutura. Animádevos a entrar para ver de preto o seu arco de ferradura con alfiz.

A poucos quilómetros de Celanova, agárdanos o Castro de Castromao nunha elevación que domina o río Arnoia. Detédevos no cumio rochoso e outeade o amplo horizonte que se abre ante vós. Imaxínade por un momento os habitantes destas terras, vivindo o seu día a día nestas vivendas. Percorrede a súa muralla de 500 metros de perímetro e observade o terraplén revestido de cachotería. A súa situación, en plena Vía Romana XVIII, xustifica a gran cantidade de restos atopados como moedas, cerámica ou miliarios que hoxe podedes atopar no Museo Provincial de Ourense.

### O encanto visigótico de Santa Comba de Bande

Continuando cara ao sur, e seguindo as pegadas do pasado, acudimos ata Bande para coñecer o templo visigótico de Santa Comba. Este santuario, que data da segunda metade do século VII, conta con planta de cruz grega e perímetro rectangular do que sobresaen a capela maior e o pórtico. Cando esteades alí, fixádevos nos encantos que alberga o lugar: fóra dos muros do templo, pódense ver os restos dunha capela anexa onde se practicaban bautismos para que os que alí acudían puidesen entrar na igrexa como cristiáns; de feito, aínda se conserva a pia bautismal. Outra das cousas que vos chamará a atención é a fonte denominada “o pociño dos namorados”.

*Preto da cibdá de Ourense,  
camiño de Celanova,  
onde é máis tépedo o vento  
que a terra gallega azouta,  
dun círculo de montañas  
na faldra sempre verdosa,  
esténdese un val frorido,  
cuberto de herbas cheirosas,  
piñeirales i arboredos  
ricos de frutas e sombra.*

Descrición de Vilanova  
segundo Curros Enríquez





### O tempo trasladado

Imos agora ata o veciño concello de Lobios para visitar a igrexa de San Salvador de Manín, coñecida popularmente como igrexa de Aceredo. Este lugar sagrado conta cunha rica historia chea de anécdotas. A máis rechamante é sen dúbida o seu cambio de lugar, pedra a pedra, en dúas ocasións. Orixinariamente o templo foi construído en Manín e posteriormente trasladado, no século XVIII, aos terreos hoxe anegados polo encoro de Lindoso. O seu valor arquitectónico, como un dos mellores expoñentes da arquitectura barroca da comarca, salvouna de novo no século XX para levantarse hoxe no seu actual enclave.

### Os dolmens do Xurés

Retrocedendo aínda máis no tempo dos nosos achados, visitamos no concello de Muíños

os dolmens de Maus de Salas. Este é un dos xacementos megalíticos máis importantes de Galicia. Preto desta localización, atopáredes tamén o agreste Parque do Xurés, de indubidable valor natural e paisaxístico.

No xacemento de Maus de Salas, poderedes descubrir varios enterramentos megalíticos das diferentes etapas construtivas. Un deles, a Casiña da Moura, non se conserva no seu lugar orixinal debido á inundación producida pola construción do encoro. Para chegar ata este dolmen de corredor, debemos percorrer varios quilómetros e atravesar unha estreita ponte na parte superior da presa. Cruzando o encoro de Salas atopamos a Casola do Foxo, que se corresponde ao período inicial do megalítico. Na orixe, o acceso estaba situado cara ao sueste como en case todos os dolmens galegos. De todos os xeitos, a súa entrada non é a orixinal, dado que os pastores a taparon para protexerse do vento.

Igrexa de Santa Comba de Bande



Capela de San Miguel de Celanova





Para poñer fin a esta xornada, nada mellor que dar una pequena camiñada polo contorno do encoro: coa caída do sol as augas tornan dunha cor cálida e resultan ser un bo remedio para desconectar a mente.

Día 2

## Do campamento militar Aquis Querquennis a Xunqueira de Ambía

De volta á Roma Imperial, nesta segunda xornada pasaremos revista ao campamento militar romano Aquis Querquennis, no municipio de Bande. Construído baixo o mandato de Vespasiano, foi abandonado no ano 120 d.C., aproximadamente. A teoría máis probable sobre a súa construción é a que sostén que o fixo como posto de vixilancia da Vía XVIII ou Vía Nova entre *Bracara* e *Asturica*, as actuais Braga (Portugal) e Astorga (León). Prova disto é que este enclave cumpría moitos dos requisitos esixidos: era un lugar de fácil acceso e existían pastos, gran cantidade de leña e as apreciadas augas termais. Antes de chegar ata aquí, podemos facer unha parada no centro de interpretación Aquea Querquennae, onde conseguiredes dar resposta a moitas dúbidas.

### Darse un baño relaxante nas termas de Bande

Continuando co noso camiño, atopamos os Baños de Bande. Nestas termas foron atopadas dúas aras, nunha delas pódese ler "*Boelio Rufo cumpriu este voto ás ninfas, intercedendo pola súa propia saúde*". Lembra de levar o traxe de baño porque tan pronto sintades o vapor da auga fumegante saíndo a modo de invitación das catro bañeiras, vaivos resultar moi difícil resistirvos.

Co corpo relaxado tras o baño nas quentes augas termais, desprazámonos ata Xinzo de Limia, para visitar o antigo mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras. Este antigo cenobio data do século XVI e é de estilo gótico portugués, con elementos renacentistas. Non perdades a





oportunidade de percorrer o seu harmonioso claustro: o paseo polas súas teatrais ruínas daravos a impresión de estar viaxando a tempos mellores. En canto á súa construción, varias son as lendas que teorizan sobre a súa orixe. Unha delas narra como foron un grupo de cabaleiros portugueses os que, ante a aparición dunha imaxe do Neno Xesús, decidiron construír unha capela que atraeu gran devoción. Esta fe motivou a fundación do convento por parte dos franciscanos.

Seguindo cara ao norte atopamos unha vila de conto, Allariz. Situada á beira do río Arnoia, é un dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia no que predomina a pedra, a madeira e, por suposto, a natureza. Percorredes as súas rúas mirando ben atentos este auténtico museo ao aire libre. Case sen darvos de conta, chegaredes ata o convento de Santa Clara, o cal non debedes deixar de visitar. Fundado por dona Violante, esposa do rei Afonso X o Sabio, alí atoparedes unha imaxe de marfil da Virxe Abrideira, de finais do século XIII. Trátase dunha imaxe sedente da Virxe suxeitando ao Neno que, ao abrirse, semella un retablo destinado a narrar a vida de María, con

escenas do Nacemento, a Ascensión, a Coroación, a Anunciación e a Epifanía. E Allariz é un lugar ideal para xantar nalgún dos seus restaurantes ao carón do río mentres contemplades a beleza da paisaxe. Ah, non esquezades probar os seus amendoados, sen dúbida ningunha, unha deliciosa lembranza desta viaxe.

### Os grosos muros do castelo de Maceda

Rematando a xornada, desprazámonos ata o concello de Maceda para coñecer un dos edificios civís máis relevantes da Idade Media en Galicia, o castelo de Maceda. A fortaleza cumpría unha función de vixilancia e de defensa, primeiro, contra as incursións musulmás e, máis tarde, contras as lusitanas. Disque conta cos muros máis grosos de todas as fortalezas europeas. Como dato curioso, constatamos que á idade de 11 anos viviu entre estas paredes Alfonso X alcumado O Sabio, autor das coñecidas *Cantigas de Santa María*.

Se despois de todo o visto e o experimentado, aínda conservamos un oco na nosa retentiva, faremos un derradeiro desprazamento ata Xunqueira de Ambía para visitar a súa Colexiata.



Castelo de Maceda



Gárdasme o segredo?

cubiertas: manijas creativas

